# DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

## Programación didáctica

## Curso 2019 -2020

IES MARCO DO CAMBALLÓN, VILA DE CRUCES

PONTEVEDRA

# Í N D I C E

0. INTRODUCIÓN e CONTEXTUALIZACIÓN ....3
1. MEMBROS DO DEPARTAMENTO, MATERIAL E MATERIAS QUE IMPARTE ....4
1.1.- ETAPA DO BACHARELATO ....5
A.- FILOSOFÍA (1º Bach.) ....5
B.- HISTORIA DA FILOSOFÍA (2º Bach.) 1. INTRODUCIÓN. ....34
C.-PSICOLOXÍA, 2º BACHARELATO. ....52
1.2.- ETAPA DE ENSINO SECUNDARIO ....65
A.-VALORES ÉTICOS ....65
A.1. VALORES ÉTICOS ( 1º ESO) ....69
A.2. VALORES ÉTICOS ( 2º ESO) ....97
A.3. VALORES ÉTICOS (3º ESO) ....105
A.4. VALORES ÉTICOS ( 4º ESO) ....114
2. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE ....123
3.PROPOSTA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ....124
3.1. ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO ....124
3.2. CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR ....124
3.3. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA. ....125
4. PLAN ANUAL DE TRABALLO DO DEPARTAMENTO e PROPOSTAS DE MELLORA. ....126
5. AVALIACION DA PROGRAMACIÓN ....126
6. AVALIACIÓN INICIAL ....127
7. RÚBRICAS DE AVALIACIÓN ....128

# 0. INTRODUCIÓN e CONTEXTUALIZACIÓN

A programación didáctica constitúe un valioso elemento no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que actúa como elemento integrador, pois ten en conta tanto os obxectivos que debe alcanzar o alumnado como os contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave. Así como os recursos dispoñibles e a metodoloxía a empregar. Calquera programación didáctica ten que partir dunha concepción pedagóxica e unha situación sociolóxica determinada.

Asumimos como presupostos da nosa didáctica da Filosofía a Teoría da aprendizaxe significativa contextualizada na psicoloxía cognitivo-constructivista , e fronte a calquera modelo de tipo condutista, que identifique a aprendizaxe cun proceso de asociacións mecánico-repetitivas de estímulos e respostas, optamos por un modelo educativo que potencie o proceso de ensino-aprendizaxe competencial como proceso de construción ou reconstrución, que mediante a integración dos novos contidos na estrutura cognoscitiva dos alumnos, transforme progresivamente as súas capacidades cognoscitivo-interpretativas. Ese enfoque vese enriquecido ca integración no mesmo das novas competencias e as TIC.

O IES Marco do Camballón está situado no concello de Vila de Cruces (Pontevedra). A matrícula do centro é duns 250 alumnos /as e 40 profesores e profesoras. As ensinanzas que se imparten son ESO e Bacharelato, así como os Ciclos Medios de Soldadura e Calderaría e Atención a Persoas en situación de Dependencia.

Os centros escolares que hai no concello, dos que recibe o alumnado o IES Marco do Camballón, son: CEIP Cerdeiriñas (Piloño), CEIP de Merza, CEIP Virxe da Piedade (Vila de Cruces) e Escola infantil Galiña Azul (Vila de Cruces).

O concello de Vila de Cruces ten un nivel socioeconómico medio- baixo. Os arredores van quedando despoboados debido a que moita xente nova busca espazos urbanos para traballar e vivir.

As familias do alumnado ocúpanse preferentemente no sector servizos, seguido de agricultura e gandería, industria e construción. A incorporación das mulleres ao mercado laboral provoca que boa parte do alumnado pase a maioría do tempo cos seus avós e avoas.

Desde un punto de vista cultural, trátase dunha zona bastante deprimida, como é o habitual nas zonas rurais de Galiza. Non obstante, destaca a actividade da Escola Municipal de Música, cunha matrícula alta, as bandas musicais de Ponteledesma e Merza, algunhas asociacións culturais como o Cruceiro rock, o Pavillón polideportivo municipal e organizacións deportivas e asociacións veciñais, entre as que destaca a Asociación de Mulleres Rurais. Finalmente, cabe destacar o aumento de afeccionados á loita libre e grecorromana, da que xa hai algún campión de España na zona ao igual que na especialidade de kunfu.

## MARCO LEGAL DAS MATERIAS QUE IMPARTE O DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

DECRETO 133/2007 polo que se regulan as ensinanzas da ESO en Galicia..

DECRETO 126/2008 do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do luns, 23 de xuño de 2008..

LEI ORGANICA 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).

ORDE ECD/65/2015, de 21 de xaneiro pola que se describen as relacións as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

DECRETO 25-06-2015 que establece o currículo da ESO e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

ORDE de 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación e currículo das materias de libre configuración.

# 1. MEMBROS DO DEPARTAMENTO, MATERIAL E MATERIAS QUE IMPARTE

### María Miguélez Vila

Historia da Filosofía 2º Bacharelato / Psicoloxía 2º Bacharelato/ Filosofía 1º Bacharelato / Valores Éticos 4º ESO / Valores Éticos 3º ESO / Valores Éticos 2º ESO/ Valores Éticos 1º ESO, TITORA 1º Bac A

**TODOS OS MATERIALES** didácticos son elaborados polo departamento a partir de diversas fontes bibliograficas, libros de texto e recursos on line. Están a disposición dos alumnos na aula virtual.
Para o curso 2017-2018 o Departamento de Filosofía é unipersoal. O profesor que imparte as materias do mesmo ten que completar o seu horario con materias da FPB, concretamente o módulo CSI. As materias do Departamento de Filosofía son as seguintes:

### 1.1. No Bacharelato:

Filosofía (obrigatoria/3 horas semanais) 1º BACHARELATO.
Historia da Filosofía (obrigatoria no itinerario de humanidades e CC.SS. /4 horas semanais). 2º BACHARELATO.

Psicoloxía (optativa/ 3 horas semanais) 2º BACHARELATO.

### 1.2. No Ensino Secundario Obrigatorio:

Valores éticos (optativa /1hora semanal). en 1º, 2º, 3º e 4º de ESO

# 1.1.- ETAPA DO BACHARELATO

## A.- FILOSOFÍA (1º Bach.)

### 1. INTRODUCIÓN.

Unha sociedade democrática, plural e diversa en intereses e persoas demanda un pensamento racional que axude a comprender o mundo complexo que nos rodea. A materia da Filosofía é a ferramenta adecuada que debe servir a ese fin.

A formación filosófica é útil por moitas razóns:

En primeiro lugar, a través da Filosofía o alumnado se exercita no exercicio do pensamento crítico e independente capaz de comprender mellor o mundo globalizado e comprenderse a si mesmo. En segundo lugar, adquire unha aptitude de entretecer unha defensa racional e razoable da súa autonomía, da súa dignidade e dos seus dereitos nun contexto en vías de globalización. Tamén contribúe a eliminar prexuízos, detectar sofismas e falacias, axuda a desmontar argumentos baseados nos valores de dominación e estimula a empatía e o interese polas demais persoas.

Finalmente, a filosofía como materia potencia o desenvolvemento das **competencias** sociais e cívicas, por estar estreitamente vinculadas coa finalidade última de todo o seu proxecto. Pero esa consecución precisa acudir á competencia en comunicación lingüística, que lle permite ao alumnado tanto a exposición dun pensamento rigoroso e claro como o diálogo frutífero coas demais persoas. A competencia de aprender a aprender manifestase na obriga intrínseca do facer filosófico de xerar marcos de sentido cada vez máis complexos, globais e enriquecedores e a competencia dixital capacita aos alumnas e alumnos para o uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación.

Todas estas esixencias están aglutinadas en varios **bloques temáticos**: A especificidade do saber filosófico, O coñecemento humano, A pregunta pola realidade, A condición humana eA racionalidade práctica.

### 2. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.

No marco da LOMCE (Art. 26 do Decreto 86/2015 do 25 de xuño polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia), o bacharelato ten como finalidade proporcionar ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Tamén capacitará ao alumnado para acceder á educación superior. Os **obxectivos curriculares** que indica a lexislación actual son os seguintes:

a) Exercer a cidadanía democrática dende unha perspectiva global e adquirir unha conciencia cívica responsable.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver dunha forma pacífica os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres.

d) Afianzar hábitos de lectura, estudo e disciplina, condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e, no seu caso, a lingua cooficial de Galicia.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.

h) Coñecer e valorar de forma crítica as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade escollida.

j) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e os métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto ao medio ambiente

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza en uno mesmo e sentido crítico.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación y enriquecemento cultural.

m) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade na rúa.

Os **contidos** preséntanse organizados en seis bloques:

Bloque 1 figuran os contidos transversais sobre o saber filosófico e a realidade:
Bloque 2: O saber filosófico.
Bloque 3: O coñecemento.
Bloque 4: A realidade.
Bloque 5: O ser humano desde a filosofía.
Bloque 6: A racionalidade práctica.

**UNIDADE 1**

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACION | ESTANDARES APRENDIZAXE | C. CLAVE |
|---|---|---|---|---|
| 1.1Distinguir s características específicas do saber racional (ciencia e filosofía) na comprensión da realidade<br><br>1.2 Definir a filosofía como unha explicación da realidade que se distingue doutos discursos como o mito, a teoloxía ou ciencia. | As preguntas da<br><br>filosofía.<br><br>Teoloxía e filosofía. | **1.1**.Coñecer e comprender a especificidade e a importancia do saber racional en xeral e do filosófico en particular, tanto que saber de comprensión e interpretación da realidade, valorando que a filosofía é, á vez, un saber e unha actitude que estimula a crítica, a autonomía, a creatividade e a innovación. | **1.1.1**. Recoñece as preguntas e os problemas que veñen caracterizando á filosofía desde a súa orixe, comparando coa formulación doutros saberes, como o científico ou o teolóxico. | CL<br><br>AA<br><br>CSC<br><br>SIEE<br><br>CEC |
| 1.3 Definir a filosofía, non só como un saber, senón como unha actitude que posibilita un pensamento crítico, autónomo, creativo e innovador.<br><br>1.4 Coñecer a orixe da filosofía. Distinguir as preguntas que son propias da filosofía das que formulan ouros saberes<br><br>1.5 Definir as habilidades que permite exercitar a práctica filosófica: razoar, pensar de forma crítica, creativa e innovadora.<br><br>1.6 Diferenciar o saber filosófico de saberes preracionais como o mito ye a maxia | Ciencia e filosofía.<br><br>Do mito ao logos.<br><br>Filosofía, mito,<br><br>maxia: diferenzas. | | **1.1.2** Explica a orixe do saber filosófico diferenciando dos saberes pre-racionais, como o mito ou a maxia. | CL<br><br>CAA<br><br>CSC<br><br>CSIEE<br><br>CEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **2.1** Distinguir a dimensión teórica e práctica da filosofía.<br><br>2 Identificar as diferentes disciplinas filosóficas e distinguir os seus contidos respectivos. | As ramas da filosofía. | **2.1.** Identificar as dimensións teórica e práctica da filosofía, os seus obxectivos, as características, as disciplinas, os métodos e as funcións, relacionándoa paralelamente con outros saberes de comprensión da realidade. | **2.1.1.** Identifica, relaciona e distingue as vertentes práctica e teórica do labor filosófico, así como as disciplinas que conforman a filosofía. | CL<br><br>CMCCT<br><br>CAA<br><br>CCEC |
| **3.1** Coñecer as etapas da historia da filosofía identificando os problemas máis importantes e as solucións aportadas en cada período.<br><br>**3.2** Redactar un resumo das tesis fundamentais defendidas polas corrientes filosóficas máis importantes.<br><br>**3.3** Argumentar as propias opinións sobre as teses dos diferentes filósofos. | As etapas da filosofía:<br><br>• Filosofía antiga.<br><br>• Filosofía moderna.<br><br>• A Ilustración.<br><br>• Filosofía<br><br>contemporánea. | **3.1** Contextualiza histórica e culturalmente as problemáticas analizadas e expresa por escrito as achegas mais importantes do pensamento filosófico desde a súa orixe, identificando os principais problemas formulados e as solucións achegadas, e argumentando as propias opinións ao respecto. | **3.1.1** Expresa por escrito as teses fundamentais dalgunhas das correntes filosóficas máis importantes do pensamento occidental. | CCL<br><br>CCEC |
| **4.1** Localizar no tempo os autores e as correntes filosóficas estudadas.<br><br>**4.2** Contextualizar cultural e socialmenrte os problemas filosóficos.<br><br>**4.3** Empregar o vocabulario filosófico de forma apropiada utilizando ferramentas dixitais colaborativas | A filosofía pasado, presente e futuro.<br><br>Filosofía antiga: a orixe da filosofía occidental.<br><br>A Idade Media: razón e fe.<br><br>O Renacemento.<br><br>A ilustración.<br><br>A reflexión humanística: o existencialismo | **4.1.** Comprende e utiliza con precisión o vocabulario filosófico, realizando un glosario de termos de forma colaborativa mediante as posibilidades que ofrece internet. | **4.1.1.** Comprende e utiliza con rigor conceptos filosóficos como razón, sentidos, mito, logos, arché, necesidade, continxencia, esencia, sustancia, causa, existencia, crítica, metafísica, lóxica, gnoseoloxía, obxectividade, dogmatismo, criticismo, entre outros | CCL<br><br>CSC<br><br>CD<br><br>CSIEE<br><br>CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **5. 1** Analizar de forma crítica textos sobre l orixe da filosofía, as súas características e a súa vixencia na actualidade.<br><br>**5.2** Identificar os problemas e as solucións expostas nos textos e relacionalos co o estudado na UNIDADE | Inclúe os contidos estudados na UNIDADE | **5. 1** Analizar de forma crítica , textos filosóficos significativos e breves . | **5.1.1** Lee e analiza de forma crítica, textos breves e significativos sobre a orixe da explicación racional a acerca das funcións evolución do pensamento filosófico, identificando as problemáticas filosóficas. | CCL<br>ACA<br>CSIEE<br>CCEC |

**UNIDADE 2**

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACION | ESTANDARES APRENDIZAXE | C. CLAVE |
|---|---|---|---|---|
| **1.** Establecer a orixe do coñecemento e o papel da sensación e a percepción; comprender a maneira na que se forman conceptos e o papel que ten a abstracción. Definir a noción de proposición. | Graos e ferramentas do coñecer: razón, entendemento e sensibilidade.<br><br>A abstracción | **1.1.** Distinguir entre sensación e percepción. Comprender cómo se forma un concepto e o papel da abstracción. | **1.1.1.** Explica o papel da sensación e a percepción no coñecemento.<br><br>**1.1.2.** Comprende as diferenzas entre sensación e percepción e o seu distinto rol na formación do coñecemento.<br><br>**1.1.3.** Entende a formación dos conceptos e o papel da abstracción. | CAA |
| | | **1.2.** Entender a diferenza entre enunciado e proposición. Interiorizar a definición de coñecemento como crenza verdadeira e xustificada. | **1.2.1.** Diferenza entre enunciado e proposición.<br><br>**1.2.2.** Comprende a definición de coñecemento como crenza verdadeira e xustificada. | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **2.** Definir o coñecemento como crenza verdadeira e xustificada. Definir a verdade como unha propiedade do entendemeento ou unha propiedade das cousas mesmas. Na verdade como propiedade do entendemento, distinguir entre verdade como coherencia e verdade como adecuación. O problema do acceso á verdade e os criterios de verdade. Principais posturas filosóficas en torno á verdade. | O coñecemento<br><br>A verdade como propiedade do entendemento.<br><br>Verdade como coherencia<br><br>Verdade como adecuación ou correspondencia<br><br>Criterios de verdade | **2.1** Entender a diferenza entre a verdade como propiedade do entendemento e como propiedade das cosas mesmas.<br><br>**2.2** Diferenciar entre a verdade como coherencia e a verdade como adecuación. Saber os criterios de verdade e os problemas para acceder á verdade. Principais posturas filosóficas entorno á verdade. | **2.1.1.** Coñece a definición de verdade como propiedade do entendemento e como propiedade das cousas mesmas.<br><br>**2.2.1.** Coñece a diferenza entre a verdade como adecuación e verdade como coherencia.<br><br>**2.2.2.** Coñece os distintos criterios de verdade.<br><br>**2.2.3.** Razoa sobre as dificultades para establecer a verdade.<br><br>**2.2.4.** Coñece as principais concepcións sobre a verdade. | CAA |
| **3.** Diferenciar entre entendemento e razón. Explicar a noción de razón como unha instancia crítica e xustificadora de crezas. Analizar de forma crítica, fragmentos de textos significativos sobre o análises filosófico do coñecemento humano, 0s seus elementos, posibilidades e os seus límites, valorando os esforzos da filosofía por lograr unha aproximación á verdade lonxe do dogmatismo, a arbitrariedade e os prexuízos. Expoñer os principais modelos explicativos do coñecemento, como son o racionalismo, o empirismo e o escepticismo. | Racionalidade teórica e práctica<br><br>Crezas, racionalidade e boas razóns.<br><br>Modelos filosóficos sobre o coñecemento: escepticismo, racionalismo, empirismo. | **3.1.** Coñecer as diferenzas entre as facultades do entendemento e a razón e o papel que teñen no coñecemento.<br><br>**3.2.** Expoñer os principais modelos explicativos do coñecemento, como son o racionalismo, o empirismo e o escepticismo. | **3.1.1.** Diferenza entre as facultades do entendemento e a razón e o seu papel na elaboración do coñecemento.<br><br>**3.2.1.** Coñece as características dos principais modos de coñecemento.<br><br>**3.2.2.** Analiza fragmentos de textos breves de Descartes, Hume, Kant e Popper entre outros | CCL<br><br>CCL |

**UNIDADE 3**

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACION | ESTANDARES APRENDIZAXE | C. CLAVE |
|---|---|---|---|---|
| **1.** Definir a argumentación. Distinguir entre argumentación dedutiva e argumentación indutiva. Valoración do argumento de autoridade como recurso argumentativo. Comprender os puntos fundamentais da lóxica aristotélica. | Lóxica proposicional | **1.1.** Coñecer en que consiste a lóxica proposicional e apreciar o seu valor para amosar o razoamento correcto e a expresión do pensamento como condición fundamental par as ralecións humanas. | **1.1.1.** Define unha argumentación, diferenza os seus compoñentes principais e sabe distinguilos doutros discursos. | CAA |
| | | **1.2** Distinguir o texto argumentativo de outros tipos de textos. Definir o concepto de argumentación e distinguir os seus elementos constituíntes. | **1.2.1.** Recoñece a unión de premisas como a condición necesaria para que se estableza a conclusión, incluso nos casos nos que se produce a omisión de algunha premisa. | |
| | | **1.3.** Distinguir entre argumentación deductiva e argumentación inductiva. | **1.3.1.** Distingue entre argumentacións indutivas e | |
| | | Comprender os puntos fundamentais da lóxica aristotélica. | dedutivas.<br>**1.3.2.** Comprende os elementos fundamentais da lóxica aristotélica.<br>**1.3.3.** Comprende a noción de concepto universal. | CCL<br>CAA |
| **2.** Definir a noción de argumentación dedutiva. Distinguir entre verdade e validez, asignar á lóxica o seu carácter formal. Precisar os signos, as regras de formación e de transformación da lóxica | Argumentación: regras e demostración de argumentos | **2.1.** Definir a noción de argumentación dedutiva. Distinguir entre verdade e validez. | **2.1.1.** Define a noción de argumentación dedutiva.<br>**2.1.2.** Distingue os elementos principais presentes nunha argumentación dedutiva.<br>**2.1.3.** Distingue entre verdade e validez. | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| proposicional. Formalizar argumentos lóxicos e analizar os seus valores de verdade. Recoñecer a validez dos argumentos dedutivos e establecer as leis lóxicas que a garanten | | **2.2.** Asignar á lóxica o seu carácter formal. Precisar os signos, as regras de formación e de transformación da lóxica proposicional. Formalizar argumentos lóxicos e analizar os seus valores de verdade. Recoñecer a validez dos argumentos dedutivos e establecer as leis lóxicas que a garanten | **2.2.1.** Coñece os signos que se usan en lóxica proposicional.<br>**2.2.2.** Coñece as regras de formación e de transformación da lóxica proposicional<br>**2.2.3.** Sabe formalizar argumentos lóxicos.<br>**2.2.4.** Sabe establecer os valores de verdade dun argumento dedutivo e determina a súa validez.<br>**2.2.5.** Coñece a definición de lei lóxica. | CMCI |
| **3.** Definir a noción de razoamento indutivo, precisar o problema que presenta con respecto ó tipo de verdade que proporciona e recoñecer as ciencias nas que se aplican. Distinguir a diversidade dos argumentos inductivos. | Argumentos indutivos: a xeneralización, argumentos por causas, argumentos por correlacións e por analoxías. | **3.1.** Definir a noción de razoamento indutivo, precisar o problema que presenta con respecto ao tipo de verdade que proporciona e recoñecer as ciencias nas que se aplican. | **3.1.1.** Define a noción de razoamento indutivo.<br>**3.1.2.** Coñece o problema da indución e o problema que supón para establecer a verdade de unha afirmación. | CCL |
| | | **3.2.** Distinguir a diversidade dos argumentos indutivos. O papel da xeneralización. | **3.2.1.** Distingue a diversidade dos argumentos indutivos.<br>**3.2.2.** Coñece qué é unha xeneralización. | |
| | | **3.3** Distinguir entre argumentos indutivos baseados en xeneralizacións, como os argumentos por causas e as | **3.3.1** Distingue entre argumentos indutivos baseados en xeneralizacións, como os argumentos por causas e as correlacións, e outros argumentos | |
| | | correlacións, e outros argumentos inductivos, como as analogxas e as inferencias hipotéticas. | indutivos, como as analoxías e as inferencias hipotéticas.<br>**3.3.2.** Coñece que é un argumento por causas.<br>**3.3.53** Coñece que é un argumento por correlacións.<br>**3.3.64** Coñece que é un argumento por analoxía.<br>**3.3.5.** Coñece que é un argumento por inferencia hipotética e a súa aplicación á ciencia. | CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **4.** Precisar e definir o concepto de falacia. Distinguir e comprender diversas formas de falacias. | Falacias formais e materiais. | **4.1.** Precisar e definir o concepto de falacia. Distinguir entre falacias formais e informais.<br><br>**4.2.** Coñecer diferentes formas de falacias. | **4.1.1.** Define o concepto de falacia.<br><br>**4.1.2.** Distingue entre falacias formais e informais.<br><br>**4.2.1.** Coñece diferentes formas de falacias.<br><br>**4.2.2.** Sabe distinguir nun discurso cando se incurre en algunha falacia. | CAA |

**UNIDADE 4.**

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACION | ESTANDARES APRENDIZAXE | C. CLAVE |
|---|---|---|---|---|
| **1.** Explicar conceptos fundamentais da filosofía da ciencia tales como feito científico, hipótese, lei, teoría, modelo. Diferenciar entre feito e teoría. Explicar os obxectivos e funcións da ciencia. | Que é a ciencia<br><br>Obxectivos e instrumentos da ciencia | **1.1.** Explicar que é un feito científico, unha hipótese, una lei, unha teoría, un modelo. Diferenciar entre feito e teoría.<br><br>**1.2.** Explicar os obxectivos e funcións da ciencia. | **1.1.1.** Explica que é un feito científico.<br><br>**1.1.2.** Explica que é unha hipótese.<br><br>**1.1.3.** Identifica os elementos duna hipótese científica.<br><br>**1.1.4.** Define a noción de lei.<br><br>**1.1.5.** Define a noción de teoría.<br><br>**1.1.6.** Explica que é un modelo científico.<br><br>**1.1.7.** Diferencia entre feito e teoría.<br><br>**1.2.1.** Explica os obxectivos e funcións da ciencia. | CMCCT |
| **2.** Expoñer as problemáticas filosóficas relacionadas coa ciencia, como o problema da indución, obxectividade e o problema da adecuación teoría-realidade. | A Filosofía da ciencia.<br><br>O problema da indución, da demarcación e da obxectividade. | **2.1.** Expoñer as problemáticas filosóficas relacionadas coa ciencia, como o problema da indución, obxectividade e o problema da adecuación teoría-realidade. | **2.1.1.** Sabe expoñer o problema da indución.<br><br>**2.1.2.** Identifica o problema da indución.<br><br>**2.1.3.** Expón o problema da obxectividade.<br><br>**2.1.4.** Expón o problema da realidade. | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **3.** Utilizar con rigor termos como hipotético-dedutivo, método, verificación, predición, indución. Comprender nocións propias da filosofía da ciencia como o realismo, a objectividade ou a causalidade. Comprender concepcións científicas da época contemporánea, como a relatividade, o caos. Definir o indeterminismo. | O método hipotético-dedutivo | **3.1.** Utilizar con rigor termos como hipotético-dedutivo, método, verificación, predición, indución.<br>**3.2.** Usar termos filosóficos propios da filosofía da ciencia, como realismo, obxectividade ou causalidade.<br>**3.3.** Comprender concepcións científicas da época contemporánea, como a relatividade, o caos. Definir o indeterminismo. | **3.1.1.** Utiliza con rigor os termos indución e hipotético-dedutivo.<br>**3.1.2.** Utiliza con rigor os termos método, verificación, predición.<br>**3.2.1.** Utiliza con rigor os termos realismo, obxectividade, causalidade.<br>**3.3.1.** Utiliza con rigor os termos como relatividade e caos.<br>**3.3.2.** Define a noción de indeterminismo. | CCL<br>CAA<br>CMCCT |
| **4.** Definir a tecnoloxía. Establecer o carácter transformador da tecnoloxía. Reflexionar filosófica e críticamente sobre a relación entre a tecnoloxía e o ser humano. Analiza textos de Aristóteles, Popper, Kuhn, Chalmers. | Relación entre Filosofia, ciencia e Tecnoloxía | **4.1.** Definir a tecnoloxía. Establecer o carácter transformador da tecnoloxía.<br>**4.2.** Reflexionar filosófica e críticamente sobre a relación entre a tecnoloxía e o ser humano.<br>**4.3.** Analiza textos de Aristóteles, Popper e Kuhn, entre outros. | **4.1.1.** Define a noción de tecnoloxía.<br>**4.1.2.** Establece o carácter transformador da tecnoloxía.<br>**4.2.1.** Extrae conclusións razoadas sobre a inquietude humana para transformar e dominar a natureza poñéndoa ao servizo do ser humano.<br>**4.2.2.** Extrae conclusións razoadas sobre as consecuencias da transformación da natureza.<br>**4.2.3.** Debate sobre las implicacións da tecnoloxía na realidade social.<br>**4.3.1.** Analiza textos de Aristóteles. | CMCCT<br>CSC |
| | | | **4.3.2.** Analiza textos de Popper.<br>**4.3.3.** Analiza textos de Kuhn | |

**UNIDADE 5**

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACION | ESTANDARES APRENDIZAXE | C. CLAVE |
|---|---|---|---|---|
| **1.** Coñecer o que é a metafísica. Determinar sa súa orixe grazas á abstración e o razoamento. | A metafísica como explicación teórica da realidade. | **1.1.** Coñecer que é a metafísica.<br><br>**1.2.** Determinar a súa orixe grazas á abstracción e o razoamento. | **1.1.1.** Coñece qué é a metafísica.<br><br>**1.1.2.** Distingue os principais problemas metafísicos e cómo se diferencian de outros discursos como a ciencia.<br><br>**1.2.1.** Utiliza a abstracción para comprender os contidos e actividade da metafísica, razoando sobre tales contidos. | CAA |
| **2,** Determinar o problema do ser como o problema fundamental da metafísica. Expoñer o pensamento de Parménides e de Heráclito. Establecer o problema de o un e o múltiple. Coñecer o pensamento metafísico de Platón e Aristóteles. | A pregunta polo ser como punto de partida da filosofía. | **2.1.** Coñecer e explicar, desde un enfoque metafísico, os principais problemas que presenta a realidade.<br><br>**2.2.** Determinar o problema do ser como o problema fundamental da metafísica. Expoñer o pensamento de Parménides e Heráclito.<br><br>**2.3.** Establecer o problema do un e o múltiple.<br><br>**2.4.** Coñecer o pensamento metafísico de Platón e Aristóteles. Comprender o problema das categorías. Distinguir entre materia e forma. | **2.1.1.** Describe as principais interpretacións metafísicas e os problemas que suscita o coñecemento metafísico da realidade.<br><br>**2.2.1.** Expón o pensamento de Parménides como o problema do ser<br><br>**2.2.2.** Expón o pensamento de Heráclito e a súa reflexión sobre o devir.<br><br>**2.2.3.** Establece o problema de o un e o múltiple.<br><br>**2.2.4.** Define o problema do arché.<br><br>**2.2.5.** Elabora un mapa conceptual das principais respostas ao problema do arché<br><br>**2.3.1.** Coñece as ideas principais do pensamento metafísico de Platón. A teoría das ideas.<br><br>**2.3.2.** Comprende fragmentos de textos breves e significativos cas problemáticas metafísicas de | CCEC<br><br>CAA<br><br>CD<br><br>CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | Platón.<br>**2.3.3.** Coñecer as ideas principais do pensamento metafísico de Aristóteles.<br>**2.3.4.** Comprende o problema das categorías.<br>**2.3.5.** .Distingue entre materia e forma.<br>**2.3.6** Comprende fragmentos de textos breves e significativos cas problemáticas metafísicas de Aristóteles. | |
| **3.** Analizar os problemas fundamentais da Idade Media. Coñecer as principais ideas metafísicas de Tomás de Aquino. Distinguir entre ser continxente e ser necesario. Comprender o problema dos universais. | A metafísica medieval | **3.1.** Distinguir entre o ser continxente e o ser necesario.<br>**3.2.** Comprender o problema dos universais. | **3.1.1.** Distingue entre o ser continxente e o ser necesario en Tomás de Aquino.<br>**3.2.1.** Comprende o problema dos universais.<br>**3.2.2.** Comprende fragmentos de textos breves e significativos con as problemáticas metafísicas de Tomás de Aquino. | CAA<br>CMCCT |
| **4.** Coñecer as ideas metafísicas fundamentais da época moderna: Descartes e o problema das sustancias; diferenciar entre: materialismo e espiritualismo, idealismo e realismo, realidade e apariencia. | A metafísica moderna | **4.1.** O problema das sustancias en Descartes. O materialismo e o espiritualismo.<br>**4.2.** Comprender o problema da realidade e a apariencia.<br>**4.3.** Distinguir entre idealismo e realismo. | **4.1.1.** Comprende o problema das sustancias en Descartes.<br>**4.1.2.** Distingue entre as correntes do materialismo e o espiritualismo.<br>**4.2.1.** Comprende o problema da realidade e a apariencia.<br>**4.2.2.** Coñece os principais autores que trataron o problema da realidade e a apariencia.<br>**4.3.1.** Distingue entre idealismo e realismo. | CAA<br>CMCCT |
| **5.** Coñecer o pensamento metafísico contemporáneo: idealismo alemán, materialismo dialéctico | A metafísica contemporánea | **5.1.** A metafísica contemporánea.O idealismo alemán.O materialismo dialéctico (marxismo). | **5.1.1.** Comprende as ideas fundamentais o idealismo alemán.<br>**5.1.2.** Recoñece os conceptos fundamentais do | CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| (marxismo), vitalismo de Nietzsche, existencialismo. | | **5.2.** O vitalismo de Nietzsche.<br><br>**5.3.** O existencialismo. A pregunta polo ser de Heidegger. | materialismo dialéctico de Marx.<br><br>**5.1.3.** Comprende fragmentos de textos breves e significativos coas problemáticas metafísicas de Marx.<br><br>**5.2.1.** Coñece as ideas principais do vitalismo de Nietzsche.<br><br>**5.2.2.** Comprende la crítica á metafísica occidental de Nietzsche.<br><br>**5.3.1.** Comprende as ideas fundamentais do existencialismo.<br><br>**5.3.2.** Comprende o problema metafísico tal como o plantexa Heidegger. | |

**UNIDADE 6**

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACION | ESTANDARES APRENDIZAXE | C. CLAVE |
|---|---|---|---|---|
| **1.** Definir a noción de cosmovisión e sinalar as distintas cosmovisións científicas sobre o universo que se han dado na historia. Sinalar as características da disciplina da filosofía da natureza e mostrar o seu vínculo coa admiración filosófica pola natureza. | Cosmovisións científicas sobre el universo. | **1.1.** Definir que é unha cosmovisión e comprender as distintas cosmovisións científicas sobre o universo que se deron na historia.<br><br>**1.2.** Define a disciplina da filosofía da natureza e sinala que a súa orixe se atopa na admiración filosófica pola natureza ou filosofía da natureza. | **1.1.1.** Define a noción de cosmovisión científica.<br><br>**1.1.2.** Distingue entre as distintas cosmovisións científicas.<br><br>**1.2.1.** Coñece a disciplina da filosofía da natureza.<br><br>**1.2.2.** Identifica a filosofía da natureza coa admiración filosófica pola natureza. | |
| **2.** Comprender as características fundamentais da cosmovisión antiga. Sinalar que é unha cosmovisión baseada no | | **2.1.** Coñecer e comparar as explicacións dadas das grandes cosmovisións sobre o universo.<br><br>**2.2.** Sinalar as características fundamentais | **2.1.1.** Coñece, compara e esquematiza as explicacións dadas desde a cosmovisión da antigüidade e a cosmovisión moderna.<br><br>**2.1.2.** Coñece e compara as explicacións dadas desde | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| paradigma cualitativo organicista. Mostrar as ideas fundamentais do universo aristotélico. | | do paradigma cualitativo organicista e coñecer as características fundamentas do universo aristotélico.<br><br>**2.3** Ler e comentar de forma crítica, textos filosóficos e científicos sobre a comprensión da realidade. Utilizar con precisión os termos técnicos estudados. | a cosmovisión moderna e a cosmovisión contemporánea.<br><br>**2.2.1.** Sinala as características da cosmovisión antiga fundada no organicismo e o cualitativo.<br><br>**2.2.2.** Coñece as principais ideas da cosmovisión aristotélica.<br><br>**2.2.3.** Coñece as principais ideas astronómicas da antigüidade, e as concepcións de Ptolomeo.<br><br>**2.2.4.** Utiliza con precisión os termos técnicos estudados como finalismo e organicismo. | CAA<br><br>CD<br><br>CCL |
| 1. Comprender as ideas fundamentais do universo na época moderna baseada na idea do universo máquina. Sinalar as principais características da visión mecanicista na modernidade. Comprender os supostos epistemolóxicos do modelo heliocéntrico: determinismo, regularidade, conservación, economía e continuidade. Entender a busca de leis universais dun universo infinito propias da época. | Universo máquina: visión mecanicista da modernidade: Galileo e a nova Física, descartes e o mecanicismo.<br><br>Supostos epistemolóxicos do modelo heliocéntrico | **3.1.** Comprender as ideas fundamentais da visión mecanicista na Modernidade. Sinala as características fundamentais do universo entendido como unha máquina.<br><br>**3.2.** Definir os supostos epistemolóxicos do modelo heliocéntrico: determinismo, regularidade, conservación, economía e continuidade.<br><br>**3.3.** Comprender a busca das leis universais dun universo infinito tal como produciuse na Modernidade. | **3.1.1.** Comprende a visión propia da cosmovisión moderna identificándoa con unha máquina.<br><br>**3.2.1.** Comprende os supostos epistemolóxicos do modelo heliocéntrico baseados na idea de determinismo, regularidade, conservación, economía e continuidade.<br><br>**3.3.1.** Coñece as principais aportacións dos científicos e filósofos da época moderna.<br><br>**3.3.2.** Comprende cómo foi a busca das leis universais dun universo infinito.<br><br>**3.3.3.** Utiliza con rigor termos como mecanicismo, determinismo, conservación, orden, causalidade. | |
| **4.** Comprender as ideas fundamentais da visión contemporánea do universo. Sinalar as características que definen a física relativista e a física cuántica. Definir a teoría do caos e mostrar que | A cosmovisión contemporánea do universo | **4.1.** Comprender as características principais da visión contemporánea do universo. Elaborar táboas comparando os trazos adxudicados ao universo.<br><br>**4.2** Ler e comentar de forma crítica, textos filosóficos e científicos sobre a | **4.1.1.** Comprende as ideas fundamentais da teoría da relatividade de Einstein, que forma parte da visión contemporánea do Universo.<br><br>**4.2.1.** Lee e comenta de forma crítica, textos filosóficos e científicos sobre a comprensión da | CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| se trata de unha reflexión matemática que se reencontra coa filosofía. | | comprensión da realidade. Utilizar con precisión os termos técnicos estudados.<br><br>**4.3.** Definir a teoría do caos e sinalar que se trata dun reencontro coa filosofía. | cosmovisión antiga.<br><br>**4.2.2.** Comprende as ideas fundamentais e elabora táboas comparando os trazos adxudicados ao universo. La hipótese Gaia.<br><br>**4.3.1.** Utiliza con rigor termos como azar, indeterminismo, probabilidade, caos relatividade, cuántica espazo, tempo Gaia.<br><br>**4.3.2.** Reflexiona sobre a teoría do caos e o seu vínculo coa filosofía. | CCL |

**UNIDADE 7**

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACION | ESTANDARES APRENDIZAXE | C. CLAVE |
|---|---|---|---|---|
| **1.** Recoñecer en qué consiste a antropoloxía filosófica. Entender as principais teorías que han explicado a orixe das especies de seres vivos. Comprender las principais teorías xenéticas que contribúen a entender a natureza dos seres vivos. | A Antropoloxía e as súas dimensións biolóxica, sociocultural e filosófica.<br><br>Teorías da evolución | **1.1.** Recoñecer en qué consiste a antropoloxía filosófica.<br><br>**1.2.** Entender as principais teorías que explicaron a orixe das especies de seres vivos: o fixismo, o creacionismo, a teoría de Lamarck, a teoría da selección natural de Darwin.<br><br>**1.3.** Comprender as principais teorías xenéticas que contribúen a entender a natureza dos seres vivos. | **1.1.1.** Recoñecer en qué consiste a antropoloxía filosófica.<br><br>**1.2.1.** Entender as principais teorías que han explicado a orixe das especies de seres vivos: o fixismo, o creacionismo.<br><br>**1.2.2.** Comprender as ideas fundamentais da Iteoría evolucionista de Lamarck.<br><br>**1.2.3.** Definir a teoría da selección natural de Darwin.<br><br>**1.3.1.** Comprender as principais teorías xenéticas que contribúen a entender a natureza dos seres vivos: desde as leis da herdanza de Mendel hasta a teoría sintética da evolución. | CCL<br><br>CAA |
| **2.** Comprender o proceso de antropoxénese. Sinalar as principais características das especies de homínidos que existiron. | A antropoxénese: o xénero Homo e as súas variantes | **2.1.** Comprender o proceso de antropoxénese.<br><br>*2.2.* Identificar as especies de homínidos que formaron parte do proceso de antropogénesis: *Homo habilis*, *Homo* | **2.1.** Comprender o proceso de antropoxénese.<br><br>*2.2.* Identificar e buscar información en internet sobre as especies de homínidos que formaron parte do proceso de antropoxénesis: *Homo habilis*, *Homo erectus*, *Homo neandertal*, *Homo* | CD |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | *erectus*, *Homo neandertal*, *Homo sapiens*. | *sapiens*. | |
| **3.** Comprender a dialéctica natureza-cultura. Distinguir os trazos e aspectos naturais e culturais. | A antropoloxía sociocultural | **3.1.** Comprender a dialéctica natureza-cultura.<br>**3.2.** Distinguir os trazos e aspectos naturais.<br>**3.3.** Distinguir os trazos e aspectos culturais. | **3.1.1.** Comprender a dialéctica natureza-cultura.<br>**3.1.2.** Comprender a influencia da natureza no ser humano.<br>**3.1.3.** Comprender a influencia da cultura no ser humano.<br>**3.2.1.** Distinguir os trazos e aspectos naturais.<br>**3.3.1.** Distinguir os trazos e aspectos culturais. | CCL<br>CCEC |
| **4.** Definir a cultura. Sinalar os seus aspectos fundamentais.<br><br>**5.** Coñecer as implicacións filosóficas da teoría da evolución e da teoría xenética. | A cultura como transmisión da información.<br><br>Os problemas filosóficos da evolución e a xenética. | **4.1.** Definir a cultura.<br>**4.2.** Sinalar os aspectos fundamentais da cultura: a invención, a transmisión e a aprendizaxe.<br>**5.1.** Coñecer as implicacións filosóficas da teoría da evolución e da teoría xenética.<br>**5.2.** Valorar os coñecementos adquiridos fronte os prexuizos antropocéntricos e por motivos físicos rechazando actitudes de intolerancia, inxustiza e exclusión. | **4.1.1.** Definir a cultura.<br>**4.2.1.** Sinalar os aspectos fundamentais da cultura: a invención, a transmisión e a aprendizaxe.<br>**5.1.1.** Coñecer as implicacións filosóficas da teoría da evolución: o problema da complexidade.<br>**5.1.2.** Coñecer as implicacións filosóficas da teoría xenética: o problema das razas.<br>**5.2.1.** Recheitar os prexuízos antropocéntricos e por motivos físicos recheitando actitudes de intolerancia, inxustiza e exclusión.<br>**5.2.2.** Recheitar as posicións racistas. | CAA<br>CCEC |

**UNIDADE 8**

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS AVALIACION | ESTANDARES APRENDIZAXE | C. CLAVE |
|---|---|---|---|---|

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **1.** Definir a disciplina da antropoloxía filosófica. Comprender que a filosofía, a relixión e a ciencia contribuíron á comprensión do ser humano. | A Antropoloxía filosófica.<br><br>Concepcións do ser humano: concepción relixiosa, filosófica e científica | **1.1.** Definir a disciplina da antropoloxía filosófica.<br><br>**1.2.** Valorar a contribución da relixión e da ciencia nas distintas concepcións do ser humano que se deron ó longo da historia. | **1.1.1.** Definir a disciplina da antropoloxía filosófica.<br><br>**1.2.1.** Valorar a contribución da relixión e da ciencia nas distintas concepcións do ser humano que se deron ó longo da historia. | CCL<br><br>CAA |
| **2.** Comprender as diferentes concepcións do ser humanos que se deron na historia: desde a antiga Grecia, a Idade Media, o Renacemento, a época moderna e a época contemporánea. Distingue entre a concepción do ser humano occidental das filosofías orientais. | As concepcións do ser humano na historia | **2.1.** Analizar as ideas principas que definen ao ser humano na antigüidade: o home homérico, o dualismo platónico, o ser humano segundo Aristóteles, na súa vertente racional e social, as principais correntes da filosofía helenística.<br><br>**2.2.** Analizar as ideas do ser humano da Idade Media: Agustín de Hipona e Tomás de Aquino.<br><br>**2.3.** Estudar as principais aportacións para comprender ao ser humano no Renacemento e a época moderna: o humanismo e o antropocentrismo. Analizar as contribucións e comprender a vida en comunidade.<br><br>**2.4.** Analizar as ideas principais do ser humano na época contemporánea como Max Scheler e Merlau-Ponty. Comprender as contribucións de Freud, Nietzsche, Marx, Sartre, Ortega e Gasset e Mounier sobre o ser humano. Comprender as ideas fundamentais da filosofía oriental. | **2.1.1.** Analizar as ideas principais que definen ó heroe homérico.<br><br>**2.1.2.** Comprender a concepción do dualismo platónico.<br><br>**2.1.3.** Analizar as ideas sobre o ser humano segundo Aristóteles, na súa vertente racional e social.<br><br>**2.1.4.** Estudar as principais correntes da filosofía helenística comool epicureísmo.<br><br>**2.2.1.** Analizar as ideas do ser humano segundo Agustín de Hipona.<br><br>**2.2.2.** Analizar as ideas do ser humano segundo Tomás de Aquino.<br><br>**2.3.1.** Definir as ideas de humanismo e antropocentrismo.<br><br>**2.3.2.** Definir as nocións de razón segundo Descartes.<br><br>**2.3.3.** Analizar as contribucións e comprender a vida en comunidade de autores como Locke, Rousseau e Hobbes.<br><br>**2.4.1.** Analizar a noción de espíritu en Max Scheler.<br><br>**2.4.2** Analizar a noción de copo en Merlau-Ponty.<br><br>**2.4.3.** Comprender a noción de inconsciente segundo | CCL<br><br>CCEC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | Freud.<br>**2.4.4.** Comprender a idea de nihilismo segundo Nietzsche.<br>**2.4.5.** Comprender a idea de alienación segundo Marx.<br>**2.4.6.** Comprender a idea de angustia en Sartre.<br>**2.4.7.** Comprender el papel de la historia y la temporalidad en Ortega y Gasset.<br>**2.4.8.** Comprender la idea de persona en Mounier. | CSC |
| b<br>c | B4.7. Hume: o coñecemento, crítica á causalidade e á substancia. Emotivismo moral. Comparación coa filosofía anterior. O autor e o seu contexto | B4.3. Coñecer o empirismo de Hume en relación co liberalismo político de Locke, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Moderna. | B4.3.1. Utiliza conceptos de Hume como escepticismo, crítica, experiencia, percepción, inmanencia, asociación, impresións, ideas, hábito, contradición, causa, crenza, sentimento, mérito, utilidade, felicidade, contrato social, liberdade e deber, entre outros, e úsaos con rigor. | CCL |
| d<br>e<br>h<br>l | B4.8. Locke: liberalismo político. | | B4.3.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais de Hume, distinguindo os principios e os elementos do coñecemento respecto á verdade, a crítica á causalidade e á substancia, e o emotivismo moral, en comparación coas teorías da filosofía antiga e da medieval, e co racionalismo moderno. | CMCCT |
| | | | B4.3.3. Coñece e explica as ideas centrais do liberalismo político de Locke, identificando os problemas da filosofía moderna, e relaciónaas coas solucións aportadas por Hume. | CSC |
| | | | B4.3.4. Valora o esforzo da filosofía de Hume por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, xulgando positivamente a procura da felicidade colectiva. | CSC |
| b<br>c<br>d<br>e<br>h | B4.9. A Ilustración francesa. Rousseau: a crítica social, a crítica á civilización, o estado de natureza, a defensa do contrato social e a vontade xeral. | B4.4. Coñecer os principais ideais dos ilustrados franceses, afondando no pensamento de J.J. Rousseau, e valorar a importancia do seu pensamento para o xurdimento da democracia mediante unha orde social acorde coa natureza humana. | B4.4.1. Comprende os ideais que impulsaron os ilustrados franceses, e explica o sentido e transcendencia do pensamento de Rousseau, a súa crítica social, a crítica á civilización, o estado de natureza, a defensa do contrato social e a vontade xeral. | CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| b<br><br>c<br><br>d | B4.10. Idealismo transcendental. Kant: as facultades e límites do coñecemento.<br><br>B4.11. Lei Moral e paz perpetua.<br><br>B4.12. Relación do proxecto ilustrado de | B4.5. Comprender o idealismo crítico de Kant, en relación co racionalismo de Descartes, o empirismo de Hume e a filosofía ilustrada de Rousseau, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Moderna. | B4.5.1. Aplica conceptos de Kant como sensibilidade, entendemento, razón, crítica, transcendental, ciencia, innato, xuízo, a priori, a posteriori, facultade, intuición, categoría, ilusión transcendental, idea, lei, fenómeno, nóumeno, vontade, deber, imperativo categórico, autonomía, postulado, liberdade, dignidade, persoa, paz e pacto, entre outros, e utilízaos con rigor. | CAA |
| e<br><br>h | Rousseau coa filosofía Moderna e Kant.<br><br>B4.13. Comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval e moderna. | | B4.5.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Kant, analizando as facultades e os límites do coñecemento, a lei moral e a paz perpetua, comparándoas coas teorías da filosofía antiga, medieval e moderna. | CCL |
| | | | B4.5.3. Describe a teoría política de Rousseau, identificando os problemas da filosofía moderna e relacionándoa coas solucións achegadas por Kant. | CCL |
| | | | B4.5.4. Respecta e razoa o esforzo da filosofía de Kant por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, e valora a dignidade e a procura da paz entre as nacións | CSC |
| | **Bloque 5. A filosofía contemporánea** | | | |
| b<br><br>c<br><br>d<br><br>e<br><br>h | B5.1. Marx: o materialismo histórico, a crítica ao idealismo, á alienación e á ideoloxía, e a súa visión humanista do individuo.<br><br>B5.2. Relación de Marx cos problemas da filosofía contemporánea. O autor e o seu contexto. | B5.1. Entender o materialismo histórico de Marx, en relación co idealismo de Hegel e con Feuerbach, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Contemporánea. | B5.1.1. Identifica conceptos de Marx como dialéctica, materialismo histórico, praxe, alienación, infraestrutura, superestrutura, forzas produtivas, medios de produción, loita de clases, traballo, plusvalor e humanismo, entre outros, e utilízaos con rigor. | CSC |
| | | | B5.1.2. Coñece e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Marx, examinando o materialismo histórico e a crítica ao idealismo, á alienación e á ideoloxía, e expón a súa visión humanista do individuo. | CCL |
| | | | B5.1.3. Identifica os problemas da filosofía contemporánea en relación coas solucións achegadas por Marx. | CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | B5.1.4. Valora o esforzo da filosofía de Marx por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da | CSC |
| | | | Idade Contemporánea, xulgando positivamente a defensa da igualdade social. | |
| b<br>c<br>d<br>e<br>h | B5.3. Nietzsche: crítica á metafísica, á moral e á ciencia; a verdade como metáfora.<br><br>B5.4. O superhome, como resultado da inversión de valores e a vontade de poder, e comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval, moderna e contemporánea. O autor e o seu contexto.<br><br>B5.5. A vontade en Schopenhauer. | B5.2. Comprender o vitalismo de Nietzsche en relación co vitalismo de Schopenhauer, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Contemporánea. | B5.2.1. Define conceptos de Nietzsche como crítica, traxedia, intuición, metáfora, convención, perspectiva, xenealoxía, transvaloración, nihilismo, superhome, vontade de poder, e eterno retorno, entre outros, e aplícaos con rigor. | CCL |
| | | | B5.2.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Nietzsche, considerando a crítica á metafísica, á moral e á ciencia, a verdade como metáfora, e a afirmación do superhome, como resultado da inversión de valores e a vontade de poder, en comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval, moderna e contemporánea. | CCL |
| | | | B5.2.3. Distingue as respostas de Schopenhauer na súa afirmación da vontade e identifica os problemas da filosofía contemporánea, en relación coas solucións achegadas por Nietzsche. | CCEC |
| | | | B5.2.4. Estima o esforzo da filosofía de Nietzsche por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, e valora a defensa da verdade e da liberdade. | CSC |
| b<br>c<br>d | B5.6. Filosofía española. Ortega y Gasset: a súa relación con posturas filosóficas como o realismo, o racionalismo, o vitalismo ou o existencialismo, e outras posturas filosóficas. O autor e o seu contexto. | B5.3. Entender o raciovitalismo de Ortega y Gasset en relación con figuras da filosofía española, como Unamuno, e do pensamento europeo, e valorar as influencias que recibe e a repercusión do seu pensamento no desenvolvemento das ideas e a rexeneración | B5.3.1. Utiliza conceptos de Ortega y Gasset e aplícaos con rigor, como obxectivismo, ciencia, europeización, filosofía, mundo, circunstancia, perspectiva, razón vital, raciovitalismo, vida, categoría, liberdade, idea, crenza, historia, razón histórica, xeración, home-masa e home selecto, entre outros. | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| e<br><br>h | | social, cultural e política de España. | B5.3.2. Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía e da análise social de Ortega y Gasset, en relación con posturas filosóficas como o realismo, o racionalismo, o vitalismo ou o existencialismo, entre outras. | CCL |
| | | | B5.3.3. Respecta o esforzo da filosofía de Ortega y Gasset por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais e culturais da Idade Contemporánea española, e valorao seu compromiso coa defensa da cultura e da democracia. | CSC |
| b<br><br>c<br><br>d<br><br>e<br><br>h | B5.7. Filosofía crítica da escola de Frankfurt. A crítica a razón ilustrada e á idea de progreso.<br><br>B5.8. Racionalidade dialóxica de Habermas: os intereses do coñecemento e a acción comunicativa.<br><br>B5.9. Contribución de Habermas ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea.<br><br>B5.10. Pensamento posmoderno: principais teses dos filósofos posmodernos, como Vattimo, Lyotard e Baudrillard, e reflexión sobre a súa vixencia actual. | B5.4. Coñecer as teses fundamentais da crítica da Escola de Frankfurt, analizando a racionalidade dialóxica de Habermas, relacionándoo coa filosofía crítica da Escola de Frankfurt, e valorando a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Contemporánea. Coñecer as teses máis definitorias do pensamento posmoderno, identificando as teses fundamentais de Vattimo, Lyotard e Baudrillard, e valorar criticamente a súa repercusión no pensamento filosófico a partir de finais do século XX. | B5.4.1. Identifica conceptos de Habermas, como coñecemento, interese, consenso, verdade, enunciado, comunicación, desigualdade, ou mundo da vida, e conceptos da filosofía posmoderna, como deconstrución, diferenza, cultura, texto, arte, e comunicación, entre outros, aplicándoos con rigor. | CSC |
| | | | B5.4.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías da filosofía de Habermas, distinguindo os intereses do coñecemento e a acción comunicativa, e as teorías fundamentais da posmodernidade, analizando a deconstrución da modernidade desde a multiplicidade da sociedade da comunicación. | CCL |
| | | | B5.4.3. Identifica as respostas da filosofía crítica da escola de Frankfurt e reflexiona sobre elas, identificando os problemas da filosofía contemporánea. | CAA |
| | | | B5.4.4. Estima o esforzo da filosofía de Habermas e do pensamento posmoderno por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, e valora o seu esforzo na defensa do diálogo racional e o respecto á diferenza. | CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | B5.4.5. Coñece as teses características do pensamento posmoderno, como a crítica á razón ilustrada, á idea de progreso, ao pensamento totalizador e á trivialización da existencia, o crepúsculo do deber, ou a perda do suxeito fronte á cultura de masas, entre outras. | CSC |
| | | | B5.4.6. Explica e argumenta sobre as principais teses dos filósofos posmodernos, como Vattimo, Lyotard e Baudrillard, e reflexiona sobre a súa vixencia. | CAA<br><br>CCL |

## *3*.- CONTIDOS MINIMOS ESIXIBLES.

| | |
|---|---|
| Bloque 2<br><br>A Filosofía na Grecia antiga | 1. Os presocráticos: resposta á orixe do cosmos<br>2. A dialéctica socrática e o convencionalismo sofista<br>3. *PLATÓN<br>4. *ARISTÓTELES<br>5. Helenismo: ciencia e filosofía |
| Bloque 3<br><br>Filosofía medieval | 1. Cristianismo e Filosofia<br>2. AGOSTIÑO DE HIPONA: Filosofia da Historia<br>3. TOMÉ DE AQUINO: Escolástica medieval. Razón e fe. A les moral<br>4. A crise da Escolástica no S. XIV : OCKHAM<br>5. A Nova Ciencia. |
| Bloque 4<br><br>A Filosofía na Modernidade e a Ilustración | 1. Filosofia renacentista: Humanismo e natureza humana<br>2. FRANCIS BACON: ciencia e revolución científica<br>3. MAQUIAVELO: Realismo Politico versus Utopias<br>4. *DESCARTES e o Racionalismo<br>5. HUME e o Empirismo<br>6. LOCKE e o Liberalismo político<br>7. ROUSSEAU<br>8. KANT |

| | |
|---|---|
| Bloque 5<br><br>A Filosofía contemporánea | 1. *MARX<br>2. *NIETZSCHE<br>3. SCHOPENHAUER e a vontade<br>4. ORTEGA Y GASSET e a filosofía española<br>5. A Filosofía crítica da Escola de Frankfurt<br>6. *HABERMAS<br>7. Pensamento postmoderno: VATTIMO; LYOTARD, BAUDRILLARD,....etc<br>8. *HABERMAS |

Os contidos mínimos exixibles serán coincidentes cos seleccionados para a proba de ABAU, é dicir, os seguintes:

a) Filosofía antigo-medieval

A orixe do cosmos na corrente presocrática.
Dialéctica socrática e relativismo dos sofistas.
Realidade e coñecemento en Platón.
Platón: antropoloxía e política.
Física e metafísica en Aristóteles.
Ética e política en Aristóteles.
O problema razón/fe na filosofía medieval.

b) Filosofía moderna

Descartes: o problema do método e a evidencia do cogito.
O liberalismo político de Locke.
Hume: crítica das ideas de sustancia e causalidade.
Razón e progreso na Ilustración.
Os límites do coñecemento en Kant.
A lei moral en Kant.

c) Filosofía contemporánea
Alienación e ideoloxía en Marx.
Nietzsche: crítica da cultura occidental.
Ortega y Gasset: a razón vital.

## 4. ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS E MATERIAIS DIDÁCTICOS

As orientacións metodolóxicas propostas apuntan á potenciación e consolidación de certas capacidades promovidas xa en etapas educativas anteriores. De acordo con este criterio, as metodoloxías concretas empregadas polos profesores nesta materia deberán orientarse a:

-Espertar a curiosidade e interese do alumnado polos problemas suscitados noutras etapas históricas mediante a planificación de contextos e estratexias de aprendizaxe que o acheguen ao seu contexto vivencial, establecendo similitudes con problemas actuais.

-Propiciar a autonomía na busca e procesamento da información pertinente para os temas tratados.

-Promover a lectura e análise de textos filosóficos e a elaboración de comentarios sobre eles que inclúan reflexións críticas argumentadas.

-Propoñer a planificación e elaboración, por parte das alumnas e dos alumnos, de composicións escritas e de exposicións orais en relación cos temas tratados onde integren información procedente de distintas fontes.

-Propiciar o traballo en grupo para desenvolver investigacións, debates e outras tarefas en colaboración.-Formular as diversas actividades con diferente grao de complexidade en función dos recursos cognitivos necesarios para realizalas, coa dobre finalidade de atender á diversidade dentro da aula e permitir unha autoavaliación axeitada e unha motivación progresiva cara a niveis de mayor complexidade.

Fraráse uso de materiais dunha orixe diversa: manuais, historias da filosofía, diccionarios de filosofía e outras aportacións procedentes de páxinas web especialmente seleccionadas pola súa rigurosidade á hora de tratar a temática e a súa relevancia. Na aula virtual do centro terán á súa disposición apuntamentos de todo o currículo desenvolvidos polo profesor da materia.
Faráse uso de textos breves escollidos dos distintos autores da historia da filosofía dos que se pasará fotocopia aos alumnos ou ben se proporcionará os enlaces e información convinte para que poidan acceder a eles de xeito fácil e seguro por medio das novas tecnoloxías da información e as redes informáticas.

## 5. SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS

O currículo no plan do bacharelato LOMCE establece para 2º de Bacharelato catro grandes etapas históricas: 1)antiga, 2)medieval, 3)renacentista, moderna e ilustrada, e 4)contemporánea. En cada unha delas serán abordados autores e correntes especialmente significativas, seleccionando os temas máis importantes na súa obra de cara a ter unha visión completa da historia da filosofía.

No relativo á secuenciación, compre subliñar do programa xeral o seguinte, para a:

1ª avaliación: Filosofía antiga e medieval. Farase alomenos unha proba escrita.

2ª avaliación: Filosofia renacentista, moderna e ilustrada. Farase alomenos unha proba escrita.

3ª avaliación: Filosofía contemporánea Farase alomenos unha proba escrita.

O calendario escolar proposto para este curso condicionará a distribución das unidades didácticas e as datas de entrega dos comentarios de texto e exames.

## 6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Ordenar e situar unha orde cronolóxica os períodos, problemas, autoras e autores que se estudan, identificando as súas características distintivas e establecendo as relacións correspondentes. Con este criterio pretende avaliarse a capacidade do alumnado para situar historicamente os temas estudados, diferenciando de modo significativo cada período e constatando a influencia duns noutros para ter unha visión completa e unitaria da historia da filosofía e poder desenvolverse axilmente nas problemáticas que a percorren.

Relacionar os problemas filosóficos estudados coas principais condicións socioculturais en que aparecen e a que pretenderon dar resposta. Este criterio pretende comprobar a capacidade do alumnado para situar as cuestións filosóficas estudadas no seu marco histórico distinguindo o saber filosófico doutras manifestacións culturais que aparecen no mesmo contexto e analizando a relación existente entre as formulacións filosóficas e os problemas e necesidades da sociedade do seu tempo.

Expoñer por escrito os aspectos dunha teoría filosófica individual, dunha escola ou período de forma completa, clara e coherente. Este criterio pretende comprobar o grao de comprensión, de modo significativo, do pensamento dun autor ou período da historia da filosofía, e a capacidade de articular os seus conceptos de forma argumentada, unitaria e non fragmentaria.

Analizar textos filosóficos identificando a súa estrutura, teses e argumentos e mais explicando os seus conceptos no marco do pensamento correspondente. Este criterio trata de avaliar a capacidade de comprensión dos textos filosóficos mediante a identificación do problema que abordan, a explicitación das súas ideas, a explicación dos conceptos e termos específicos utilizados e os argumentos que se empregan para demostrar e xustificar as súas teses.

Comentar criticamente textos filosóficos, identificando os seus supostos implícitos, a consistencia dos seus argumentos e a vixencia das súas achegas na actualidade. Máis alá da comprensión precisa dun texto, este criterio trata de valorar o desenvolvemento do espírito crítico do alumnado, amosado na capacidade de desvelar os supostos e intereses subxacentes aos textos, comparalos con outros argumentos posibles –nomeadamente con outros de diferente autoría- e manifestar de forma razoada o seu acordo ou desacordo coas opinións do autor, especialmente no referido a aquelas conceptualizacións de carácter excluínte e discriminatorio, en especial ao androcentrismo.

Elaborar pequenos traballos (buscas de información, recensións de lecturas, exposicións orais ou composicións escritas) sobre algún autor ou autora ou algún aspecto transversal a varios autores ou autoras con pautas metodolóxicas establecidas.

Trátase con este criterio de avaliar a capacidade de esforzo do alumnado, así como o seu progreso na autoorganización da aprendizaxe, formulando pequenas metas de investigación e percorrendo o camiño para acadalas seguindo pautas establecidas de antemán. Tamén se avalía con este criterio o a capacidade de integrar información diversa nunha síntese reflexiva.

Participar en debates sobre algún tema filosófico de actualidade relacionado con contidos da materia, realizando escoita activa e exposición razoada e respectuosa.

Con este criterio trátase de avaliar a capacidade do alumnado para asimilar os contidos da materia e relacionalos con problemas de actualidade, de expoñer a súa opinión razoadamente e respectar outras opinións facendo as eventuais críticas a estas de modo fundamentado.

Utilizar comprensivamente un vocabulario técnico específico en todas as actividades realizadas.

Con este criterio búscase avaliar o grao de incorporación significativa do vocabulario filosófico introducido en cada período, autoras e autores, e

comprobar o nivel de pertinencia, exactitude e rigor no seu uso, tanto oral coma escrito.

## 7. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

As estratexias e procedementos de avaliación que propoñemos pódense concretar do seguinte xeito:

7.1.- Observación e análise de tarefas.

Asistencia á clase.

Participación nas actividades da clase como debates, postas en común... que son un momento privilexiado para a avaliación de actitudes. Traballo, interese, orde e solidariedade dentro do grupo.

7.2.- Probas control. Cualificación.

Efectuarase, alomenos un control escrito por avaliación e complementarase coa realización de comentarios de texto e actividades propostas polo profesor. Os controles seguirán básicamente o modelo de exame proposto pola CIUG para as denominadas PAAU do anterior plan de estudos sustituido polo actual LOMCE . Respecto o modelo de exame seguiremos os propostos para a proba de ABAU tendo en conta que non pode levarse a cabo avaliación a avaliación, posto que na proba de ABAU considerase todo o temario compreto e iso soamente e non etapa por etapa da Historia da Filosofía como discurre o temario da materia ao longo do curso, polo tanto, adaptarase o modelo da ABAU á práctica docente.

ESTRUTURA DO EXAME DA ABAU

Nas dúas opcións que presentará o exame, A e B, estruturarase do seguinte xeito:

1. Un estándar de aprendizaxe dun dos tres bloques históricos acompañado dun fragmento ilustrativo do mesmo. A resposta consistirá en comentar o fragmento (sempre extraído da antoloxía de Textos que figura na web da CIUG) e, a partir do devandito comentario, desenvolver o estándar. A cualificación máxima desta primeira parte será de 6 ptos. (o 60 % da proba), 3 para o comentario e 3 para a resposta á cuestión.

2. Un estándar de aprendizaxe duns dos dous bloques históricos restantes.

A resposta consistirá no desenvolvemento do estándar. A cualificación máxima desta segunda parte será de 3 ptos. (o 30 % da proba).

3. Catro breves preguntas semiabertas referidas ao terceiro bloque

histórico restante. Proporanse dous conceptos para identificar ao filósofo relacionado con cada un deles; tamén se pedirá o título de dúas obras. A cualificación máxima desta terceira parte será de 1 pto. (o 10 % da proba).

Adaptación da ESTRUTURA DO EXAME DA ABAU ao noso curso:

1. Un estándar de aprendizaxe do o bloque histórico desa avaliación acompañado dun fragmento ilustrativo do mesmo. A resposta consistirá en comentar o fragmento (sempre extraído da antoloxía de Textos que figura na web da CIUG) e, a partir do devandito comentario, desenvolver o estándar. A cualificación máxima desta primeira parte será de 6 ptos. (o 60 % da proba), 3 para o comentario e 3 para a resposta á cuestión.

2. Un estándar de aprendizaxe do bloque histórico tratado pero de distinto autor.

A resposta consistirá no desenvolvemento do estándar. A cualificación máxima desta segunda parte será de 3 ptos. (o 30 % da proba).

3. Catro breves preguntas semiabertas referidas ao mesmo bloque histórico. Proporanse dous conceptos para identificar ao filósofo relacionado con cada un deles; tamén se pedirá o título de dúas obras. A cualificación máxima desta terceira parte será de 1 pto. (o 10 % da proba).

Promocionan aqueles alumnos que obtengan como mínimo 5 puntos na cualificación final.

## 8. RECUPERACIÓN

Aqueles alumnos que non superasen algunha avaliación farán un exame de recuperación por avaliación semellante aos realizados anteriormente; ou deberán facer unha proba de recuperación que constará dun exame final por avaliacións ao final de curso a criterio do profesor; a este último exame poderán presentarse aqueles alumnos que queiran mellorar a súa nota media.

Asimesmo tamén se poderán propor como medidas correctoras de recuperación a lectura comprensiva de textos ou obras filosóficas clásicas e breves, e a realización do traballo correspondente sobre as mesmas.

# C.-PSICOLOXÍA, 2º BACHARELATO.

## 1.- INTRODUCIÓN.

A psicoloxía é unha rama do saber cuxa finalidade esencial é tanto a comprensión da propia individualidade como das conductas sociais e a súa interrelación. Dende o século XIX a psicoloxía evolucionou cun cariz, en certo xeito, bifronte. Por unha banda, ten unha indubidable filiación humanística; por outra parte, a súa temática busca regularidades e explicacións científicas. Con estas características distintivas, polo seu obxecto de estudio e a súa metodoloxía, a psicoloxía pode considerarse unha disciplina moi interesante para o alumnado de segundo de bacharelato, cunha indubidable vertente práctica, na medida en que lle axudará a coñecerse mellor como individuo e a desenvolverse como persoa e, ao tempo, a afrontar os diversos problemas e retos que a convivencia suscita.

Trátase dunha materia que, dada a súa riqueza de contidos e amplitude de horizontes, pode converterse en paradigmática para a adquisición da maior parte das competencias clave.

A materia organízase en **seis bloques**: "A psicoloxía como ciencia", "Fundamentos biolóxicos da conducta", "Os procesos cognitivos básicos: percepción, atención e memoria", "Procesos cognitivos superiores: aprendizaxe, intelixencia e pensamento", "A construcción do ser humano. Motivación, personalidade e afectividade" e "Psicoloxía social e das organizacións". Daquela, desde a consideración da disciplina como ciencia, analízanse os fundamentos biolóxicos da conducta, as capacidades cognitivas como a percepción, a memoria e a intelixencia, afondando na aprendizaxe e na construcción da nosa personalidade individual e social. En suma, a materia de Psicoloxía, desde a dobre vertente humanística e científica, pode colaborar dun xeito representativo e versátil a fomentar o espírito científico aplicado ao seu raio de acción, pero tamén nunha vertente práctica: como disciplina que pode cooperar na mellora xenérica das condicións de vida das persoas e, ao mesmo tempo, patrocinar, desde o autocoñecemento, o xenuíno desenvolvemento persoal.

## 2. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.

| | Psicoloxía. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. A psicoloxía como ciencia | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B1.1. A psicoloxía desde as súas orixes en Grecia ata o século XIX.<br>▪ B1.2. Constitución da psicoloxía como saber autónomo: Wundt, Watson, James e Freud.<br>▪ B1.3. Diversidade de acepcións do termo psicoloxía ao longo da súa evolución. | ▪ B1.1. Entender e apreciar a especificidade e a importancia do coñecemento psicolóxico, como ciencia que trata da conduta e os procesos mentais do individuo, valorando que se trata dun saber e unha actitude que estimula a crítica, a autonomía, a investigación e a innovación. | ▪ PSB1.1.1. Explica e constrúe un marco de referencia global da psicoloxía, desde as súas orixes en Grecia (nas filosofías de Platón e Aristóteles), ata o seu recoñecemento como saber independente da man de Wundt, Watson, James e Freud, definindo as acepcións do termo psicoloxía ao longo da súa evolución, desde o etimolóxico, como "ciencia da | ▪ CAA |

| | Psicoloxía. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | ▪ B1.4. Obxecto propio da psicoloxía. A psicoloxía e outros saberes. | | alma", aos achegados polas correntes actuais: condutismo, cognitivismo, psicanálise, humanismo ou Gestalt. | |
| | | | PSB1.1.2. Recoñece e valora as cuestións e os problemas que investiga a psicoloxía desde os seus inicios, distinguindo a súa perspectiva das proporcionadas por outros saberes. | ▪ CMCCT |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ l | ▪ B1.5. Obxectivos que caracterizan a psicoloxía.<br>▪ B1.6. Facetas teórica e práctica da psicoloxía, e ámbitos de aplicación.<br>▪ B1.7. Metodoloxías da investigación psicolóxica: métodos e obxectivos. | ▪ B1.2. Identificar a dimensión teórica e práctica da psicoloxía, os seus obxectivos, as súas características e as súas ramas e técnicas de investigación, relacionándoas, como ciencia multidisciplinar, con outras ciencias cuxo fin é a comprensión dos fenómenos humanos, como a filosofía, a bioloxía, a antropoloxía, a economía, etc. | ▪ PSB1.2.1. Explica e estima a importancia dos obxectivos que caracterizan a psicoloxía: describir, explicar, predicir e modificar. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ PSB1.2.2. Distingue e relaciona as facetas teórica e práctica da psicoloxía, e identifica as ramas en que se desenvolven (clínica e da saúde, da arte, das actividades físico-deportivas, da educación, forense, da intervención social, ambiental, etc.), investigando e valorando a súa aplicación nos ámbitos de atención na comunidade, como na familia e na infancia, na terceira idade, en minusvalías, muller, xuventude, minorías sociais e inmigrantes, cooperación para o desenvolvemento, etc. | ▪ CSC |
| | | | ▪ PSB1.2.3. Describe e aprecia a utilidade das técnicas e das metodoloxías de investigación psicolóxica, explicando as características de cada unha, como son os métodos comprensivos (introspección, fenomenoloxía, hermenéutica, test, entrevista persoal, dinámica de grupos, etc.) e os seus obxectivos (observación, descrición, experimentación, explicación, estudos de casos, etc.). | ▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B1.8. Achegas máis importantes da psicoloxía na comprensión dos fenómenos humanos. Problemas tratados e conclusións ofrecidas.<br>▪ B1.9. Teorías psicolóxicas: psicanálise, condutismo, teoría cognitiva, Gestalt, humanismo e psicobioloxía.<br>▪ B1.10. Textos de autores como W. Wundt, S. Freud, A. Maslow, W. James e B. F. Skinner, entre outros. | ▪ B1.3. Recoñecer e expresar as achegas máis importantes da psicoloxía, desde os seus inicios ata a actualidade, identificando os principais problemas formulados e as solucións achegadas polas correntes psicolóxicas contemporáneas, e realizando unha análise crítica de textos significativos e breves de contido psicolóxico, identificando as problemáticas formuladas e relacionándoas co estudado na unidade. | ▪ PSB1.3.1. Explica e recoñece a importancia das achegas que a psicolóxica realizou na comprensión dos fenómenos humanos, identificando os problemas específicos dos que se ocupa e as conclusións achegadas. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ PSB1 3.2. Utiliza a súa capacidade de aprender a aprender, realizando os seus propios mapas conceptuais, utilizando medios informáticos, acerca das seguintes teorías: psicanálise, condutismo, teoría cognitiva, Gestalt, humanismo e psicobioloxía. | ▪ CAA |

| | Psicoloxía. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ PSB1.3.3. Analiza e valora criticamente textos sobre os problemas, as funcións e as aplicacións da Psicoloxía de autores como W. Wundt, S. Freud, A. Maslow, W. James e B. F. Skinner, entre outros. | ▪ CCL |
| | | | ▪ PSB1.3.4. Utiliza a súa iniciativa para expor as súas conclusións argumentadamente, mediante presentacións gráficas, en medios audiovisuais. | ▪ CD<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 2. Fundamentos biolóxicos da conduta | | | |
| ▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B2.1. Anatomía do encéfalo humano. Comparativa co doutros animais.<br>▪ B2.2. Filoxénese da evolución do cerebro humano e relación coa conduta. | ▪ B2.1. Explicar a evolución do cerebro humano desde un enfoque antropolóxico, distinguindo as súas características específicas das doutros animais, co fin de apreciar a importancia do desenvolvemento neurolóxico e as consecuencias que delas se derivan. | ▪ PSB2.1.1. Identifica, contrasta e valora a nivel anatómico diferentes tipos de encéfalos animais en comparación co humano, valéndose de medios documentais. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ PSB2.1.2. Investiga a través de internet a filoxénese humana e a evolución do cerebro, explicando e apreciando a relación directa que mantén co desenvolvemento da conduta humana. | ▪ CD |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i | ▪ B2.3. Morfoloxía da neurona. Sinapse, impulso nervioso e neurotransmisores.<br>▪ B2.4. Áreas do cerebro e as funcións que executan. | ▪ B2.2. Analizar e apreciar a importancia da organización do sistema nervioso central, fundamentalmente do encéfalo humano, distinguindo as localizacións e as funcións que determinan a conduta dos individuos | ▪ PSB2.2.1. Realiza unha presentación, con medios informáticos, en colaboración grupal, sobre a morfoloxía neuronal e a sinapse, describindo o proceso de transmisión sináptica e os factores que a determinan, o impulso nervioso e os neurotransmisores. | ▪ CD |
| | | | ▪ PSB2.2.2. Investiga e explica a organización das áreas cerebrais e as súas funcións, e localiza nun debuxo as devanditas áreas. | ▪ CMCCT |
| ▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ l | ▪ B2.5. Técnicas de investigación da actividade cerebral: anxiogramas, EEG, TAC, TEP, IRM, intervencións directas e estudo de casos.<br>▪ B2.6. Impulso que deron as técnicas de investigación do cerebro para o estudo do comportamento e a solución dalgunhas patoloxías. | ▪ B2.3. Entender e valorar as técnicas actuais de investigación do cerebro e o seu impacto no avance científico acerca da explicación da conduta e na superación dalgúns trastornos e dalgunhas doenzas mentais. | ▪ PSB2.3.1. Describe e compara as técnicas científicas de investigación do cerebro: anxiogramas, EEG, TAC, TEP, IRM, intervencións directas e estudo de casos. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ PSB2 3.2. Analiza e aprecia o impulso que estas técnicas de investigación cerebral lle deron ao coñecemento do comportamento humano e á solución dalgunhas patoloxías. | ▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ c | ▪ B2.7. Bases xenéticas da diferenza entre a conduta feminina e a masculina. | ▪ B2.4. Comprender e recoñecer algunhas das bases xenéticas que determinan a conduta humana, apreciando a relación de causa e efecto que pode | ▪ PSB2.4.1. Explica a influencia dos compoñentes xenéticos que interveñen na conduta, e investiga e valora se estes teñen efectos distintivos entre a | ▪ CMCCT |

| | Psicoloxía. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e<br>▪ g<br>▪ i | ▪ B2.8. Doenzas causadas por alteracións xenéticas. Anomalía na conduta. Síndromes. | existir entre ambas as dúas e destacando a orixe dalgunhas doenzas producidas por alteracións xenéticas. | conduta feminina e a masculina. | |
| | | | ▪ PSB2.4.2. Relaciona e aprecia a importancia das alteracións xenéticas coas doenzas que producen modificacións e anomalías na conduta, utilizando o vocabulario técnico preciso: mutación, trisomía, monosomía, deleción, etc. | ▪ CCL |
| | | | ▪ PSB2.4.3. Localiza e selecciona información en internet acerca de distintos tipos de doenzas causadas por alteracións xenéticas, tales como a síndrome de Down, a síndrome de Turner, a síndrome do miaño de gato ou a síndrome de Klinefelter, entre outras. | ▪ CD<br>▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ h | ▪ B2.9. Sistema endócrino. Glándulas e hormonas, e influencia na conduta. Influencia na diferenza entre a conduta feminina e a masculina. | ▪ B2.5. Investigar e resumir a influencia do sistema endócrino sobre o cerebro e os comportamentos derivados diso, co fin de valorar a importancia da relación entre ambos. | ▪ PSB2. 5.1. Realiza, en colaboración grupal, un mapa conceptual do sistema endócrino, apreciando a súa influencia na conduta humana e os seus trastornos, por exemplo: hipófise e depresión, tiroide e ansiedade, paratiroide e astenia, suprarrenais e delirios, páncreas e depresión, sexuais e climaterio, etc. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ PSB2.5.2. Investiga as diferenzas endocrinolóxicas entre homes e mulleres, e os seus efectos na conduta, valorando o coñecemento destas diferenzas como un instrumento que permite un entendemento e unha comprensión mellores entre as persoas de diferente sexo. | ▪ CSC |
| | Bloque 3. Os procesos cognitivos básicos: percepción, atención e memoria | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ l<br>▪ m | ▪ B3.1. Percepción: elementos e fases do proceso.<br>▪ B3.2. Teorías sobre a percepción: asociacionismo, Gestalt, cognitivismo e neuropsicoloxía.<br>▪ B3.3. Leis da percepción da Gestalt.<br>▪ B3.4. Ilusións ópticas e trastornos perceptivos.<br>▪ B3.5. Algúns fenómenos perceptivos: constancia perceptiva, percepción subliminar e extrasensorial, membro fantasma e percepción por estimulación eléctrica do cerebro (por exemplo, o ollo de Dobelle), etc. | ▪ B3.1. Comprender a percepción humana como un proceso construtivo eminentemente subxectivo e limitado, no cal ten a súa orixe o coñecemento sobre a realidade, valorando o ser humano como un procesador de información. | ▪ PSB3.1.1. Distingue e relaciona os elementos que interveñen no fenómeno da percepción (estímulo, sentido, sensación e limiares de percepción), recoñecéndoos dentro das fases do proceso perceptivo (excitación, transdución, transmisión e recepción). | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ PSB3.1.2. Compara e valora as achegas das principais teorías acerca da percepción: asociacionismo, Gestalt, cognitivismo e neuropsicoloxía. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ PSB3.1.3. Elabora unha presentación con medios audiovisuais e en colaboración grupal, desenvolvendo | ▪ CSIEE |

| Psicoloxía. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | a súa iniciativa persoal e as leis gestálticas da percepción, valorando a súa achega conceptual e identificando exemplos concretos de como actúan (por exemplo, a través de obras pictóricas ou fotografías). | |
| | | | ▪ PSB3.1.4. Procura e selecciona información, utilizando páxinas web, acerca dalgúns tipos de ilusións ópticas, diferenciándoas dos trastornos perceptivos como as alucinacións e a agnosia. | ▪ CD |
| | | | ▪ PSB3.1.5. Comenta e aprecia algúns fenómenos perceptivos, como a constancia perceptiva, a percepción subliminar e extrasensorial, o membro fantasma e a percepción por estimulación eléctrica do cerebro (por exemplo, o ollo de Dobelle) entre outros, e expón as súas conclusións a través de soportes de presentación informáticos. | ▪ CD |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B3.6. Factores individuais e sociais que inflúen na percepción. | ▪ B3 2. Explicar e apreciar a relevancia das influencias individuais e sociais no fenómeno da percepción, valorando criticamente tanto os seus aspectos positivos como os negativos. | ▪ PSB3.2.1. Discirne e elabora conclusións, en colaboración grupal, sobre a influencia dos factores individuais (motivación, actitudes e intereses) e sociais (cultura e hábitat) no fenómeno da percepción, utilizando, por exemplo, os experimentos sobre prexuízos realizados por Allport e Kramer. | ▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B3.7. A memoria. Atención e concentración.<br>▪ B3.8. Tipos de atención.<br>▪ B3.9. Alteracións da atención.<br>▪ B3.10. Tipos de memoria. Relación entre eles e utilidade que teñen na aprendizaxe humana.<br>▪ B3.11. Esquecemento: causas.<br>▪ B3.12. A memoria e os efectos producidos nela por desuso, interferencia, falta de motivación, etc.<br>▪ B3.13. Distorsións e alteracións da memoria. | ▪ B3.3. Coñecer e analizar a estrutura, os tipos e o funcionamento da memoria humana, investigando as achegas dalgunhas teorías actuais, co fin de entender a orixe e os factores que inflúen no desenvolvemento desta capacidade no ser humano, e utilizar as súas achegas na súa propia aprendizaxe. | ▪ PSB3.3.1. Relaciona os conceptos de atención e concentración como puntos de partida da memoria, distinguindo os tipos de atención e os tipos de alteración que poden sufrir. | ▪ CCL |
| | | | ▪ PSB3.3.2. Utiliza a súa iniciativa persoal para deseñar e elaborar, con medios informáticos, un cadro comparativo sobre diferentes tipos de memoria (sensorial, MCP e MLP), analizando a correspondencia entre elas e valorando a utilidade que teñen na aprendizaxe humana. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ PSB3.3.3. Procura e selecciona información en páxinas web e libros especializados, acerca das principais causas do esquecemento, tales como as fisiolóxicas, as producidas por lesións, por represión, por falta de procesamento, por contexto inadecuado, etc., e elabora conclusións. | ▪ CAA<br>▪ CD |

| | Psicoloxía. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ PSB3.3.4. Analiza e valora a importancia dalgúns dos efectos producidos na memoria por desuso, interferencia, falta de motivación, etc., e expón as súas consecuencias de xeito argumentado. | ▪ CCL |
| | | | ▪ PSB3.3.5. Exemplifica, a través de medios audiovisuais, algunhas distorsións ou alteracións da memoria, como a amnesia, a hipermnesia, a paramnesia e os falsos recordos, desenvolvendo a súa capacidade emprendedora. | ▪ CD |
| | Bloque 4. Procesos cognitivos superiores: aprendizaxe, intelixencia e pensamento | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B4.1. Teorías da aprendizaxe: condicionamento clásico; aprendizaxe por ensaio-erro; condicionamento instrumental; teoría cognitiva; aprendizaxe social.<br>▪ B4.2. Técnicas de condicionamento na publicidade.<br>▪ B4.3. Factores que inflúen na aprendizaxe: coñecementos previos adquiridos, capacidades, personalidade, estilos cognitivos, motivación, actitudes e valores. | ▪ B4.1. Explicar as principais teorías sobre a aprendizaxe, identificando os factores que cada unha delas considera determinantes neste proceso, co obxecto de iniciarse na comprensión deste fenómeno e das súas aplicacións no campo social, e utilizar os seus coñecementos para mellorar a súa propia aprendizaxe. | ▪ PSB4.1.1. Utiliza a súa iniciativa persoal para confeccionar, utilizando medios informáticos, un cadro comparativo das teorías da aprendizaxe: condicionamento clásico (Pavlov e Watson); aprendizaxe por ensaio-erro (Thorndike); condicionamento instrumental (Skinner); teoría cognitiva (Piaget); Gestalt (Khöler); aprendizaxe social ou vicaria (Bandura), etc. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ PSB4.1.2. Analiza e aprecia os resultados da aplicación das técnicas de condicionamento na publicidade, mediante a localización destas últimas en exemplos de casos concretos, utilizados nos medios de comunicación audiovisual. | ▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PSB4.1.3. Describe e valora a importancia dos factores que inflúen na aprendizaxe, como por exemplo os coñecementos previos adquiridos, as capacidades, a personalidade, os estilos cognitivos, a motivación, as actitudes e os valores. | ▪ CCL |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B4.4. Teorías actuais sobre a intelixencia: teoría factorial de Spearman, multifactorial de Thurstone, e teorías de Cattell, Vernon, Sternberg, Gardner, etc.<br>▪ B4.5. Fases do desenvolvemento da intelixencia segundo J. Piaget.<br>▪ B4.6. O CI e os problemas da medición da intelixencia.<br>▪ B4.7. Procesos cognitivos superiores: pensamento, razoamento e creatividade. | ▪ B4.2. Comprender os procesos cognitivos superiores do ser humano, como a intelixencia e o pensamento, mediante o coñecemento dalgunhas teorías explicativas da súa natureza e o seu desenvolvemento, distinguindo os factores que inflúen nel e investigando a eficacia das técnicas de medición utilizadas e o concepto de CI, co fin de entender esta capacidade humana. | ▪ PSB4.2.1. Elabora mapas conceptuais dalgunhas das actuais teorías sobre a intelixencia, valorando as achegas que no seu estudo tivo cada unha delas, como por exemplo a teoría factorial de Spearman, a multifactorial de Thurstone e as de Cattell, Vernon, Sternberg, Gardner, etc. | ▪ CAA |
| | | | ▪ PSB4.2.2. Utiliza a súa iniciativa persoal para elaborar un esquema explicativo sobre as fases do desenvolvemento da intelixencia segundo J. Piaget, | ▪ CSIEE |

| | Psicoloxía. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | valorando a importancia das influencias xenéticas e do medio neste proceso. | |
| | | | ▪ PSB4.2.3. Investiga, en páxinas de internet, o que é o CI e a escala de Stanford-Binet, que clasifica estes valores desde a deficiencia profunda ata a superdotación, apreciando a obxectividade real dos seus resultados e examinando criticamente algunhas técnicas de medición da intelixencia. | ▪ CD |
| | | | ▪ PSB4.2.4. Analiza o que é o pensamento, apreciando a validez tanto do razoamento como da creatividade na resolución de problemas e na toma de decisións. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ h | ▪ B4.8. A intelixencia emocional e as súas competencias. | ▪ B4.3. Recoñecer e valorar a importancia da intelixencia emocional no desenvolvemento psíquico da persoa. | ▪ PSB4 3.1. Valora a importancia das teorías de Gardner e Goleman, realizando un esquema das competencias da intelixencia emocional e a súa importancia no éxito persoal e profesional. | ▪ CAA |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B4.9. Posibilidades, alcance, límites e perigos da intelixencia artificial. | ▪ B4.4. Reflexionar sobre as posibilidades da intelixencia artificial e xulgar criticamente os seus alcances e os seus límites, co fin de evitar a equivocada humanización das máquinas pensantes e a deshumanización das persoas. | ▪ PSB4.4.1. Avalía, en traballo grupal, as vertentes positivas e negativas das aplicacións da intelixencia artificial, así como os perigos que pode representar pola súa capacidade para o control do ser humano, invadindo a súa intimidade e a súa liberdade. | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 5. A construción do ser humano. Motivación, personalidade e afectividade. | | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B5.1. Teorías sobre a motivación: momeostática; das necesidades; do incentivo; cognitivas; psicanalíticas; humanistas.<br>▪ B5.2. Causas da frustración. Clasificación dos conflitos de Lewin.<br>▪ B5.3. Alternativas á frustración: agresión, logro indirecto, evasión, depresión ou aceptación.<br>▪ B5.4. Motivación e consecución de logros no ámbito laboral e no educativo. | ▪ B5.1. Explicar e valorar a importancia da motivación, a súa clasificación e a súa relación con outros procesos cognitivos, desenvolvendo os supostos teóricos que a explican e analizando as deficiencias e os conflitos que no seu desenvolvemento conducen á frustración. | ▪ PSB5.1.1. Utiliza e selecciona información acerca das teorías da motivación (homeostática; das necesidades; do incentivo; cognitivas; psicanalíticas; humanistas), utilizando mapas conceptuais, e elabora conclusións. | ▪ CAA |
| | | | ▪ PSB5.1.2. Recorre á súa iniciativa para realizar unha presentación, con medios informáticos, acerca das causas da frustración, partindo da clasificación dos conflitos de Lewin e valorando as respostas alternativas a esta, como a agresión, o logro indirecto, a evasión, a depresión ou a súa aceptación (tolerancia á frustración). | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ PSB5.1.3. Argumenta, en colaboración grupal, sobre a importancia da motivación no ámbito laboral e educativo, analizando a relación entre motivación e consecución de logros. | ▪ CSIEE |

| | Psicoloxía. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B5.5. Teorías da personalidade<br>▪ B5.6. Fases do desenvolvemento da personalidade<br>▪ B5.7. Métodos de avaliación da personalidade e as súas limitacións.<br>▪ B5.8. Relación entre a conciencia e os procesos inconscientes.<br>▪ B5.9. Drogas; alteracións de conciencia e de personalidade.<br>▪ B5.10. Identidade e autoestima. | ▪ B5.2. Comprender o que é a personalidade, analizando as influencias xenéticas, ambientais e culturais sobre as que se edifica, as teorías que a estudan e os factores motivacionais, afectivos e cognitivos necesarios para a súa axeitada evolución, en cada fase do seu desenvolvemento. | ▪ PSB5.2.1. Describe, establecendo semellanzas e diferenzas, as teorías da personalidade, como as provenientes da psicanálise, o humanismo, as tipoloxías, o cognitivismo e o condutismo, valorando as achegas que cada unha delas realizou no coñecemento da natureza humana. | ▪ CAA |
| | | | ▪ PSB5.2.2. Recorre á súa iniciativa persoal para realizar unha presentación, a través de medios audiovisuais, sobre as fases do desenvolvemento da personalidade, por exemplo segundo a teoría psicanalista, e elaborar conclusións sobre os cambios que se producen en cada unha delas. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ PSB5.2.3. Analiza, valorando criticamente, as limitacións dalgúns métodos e estratexias para a avaliación da personalidade, como son as probas proxectivas (test de Rorschach, TAT, test da frustración de Rosenzweig, etc.), as probas non proxectivas (16 FP, NEO-PI-R e MMPI) e as técnicas fisiolóxicas (tomografías, etc.). | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ PSB5.2.4. Diserta sobre a complexa relación entre a función da conciencia e os procesos inconscientes, analizando algúns fenómenos inconscientes, como os soños ou a hipnose. | ▪ CCL |
| | | | ▪ PSB5.2.5. Investiga, en traballo grupal, sobre os estados alterados de conciencia provocados polas drogas, valorando criticamente a súa influencia nas alteracións da personalidade, e presenta as súas conclusións de maneira argumentada. | ▪ CSC |
| | | | ▪ PSB5. 2.6. Indaga sobre a relación entre identidade e autoestima, valorando criticamente a importancia do concepto de si mesmo/a e as repercusións que iso ten no desenvolvemento persoal e vital. | ▪ CSIEE |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B5.11. Perspectivas, modelos de estudo e métodos usados para tratar as psicopatoloxías.<br>▪ B5.12. Trastornos en relación ás necesidades biolóxicas e ás adiccións.<br>▪ B5.13. Trastornos en relación ás emocións.<br>▪ B5.14. Trastornos en relación a elementos corporais. | ▪ B5.3. Entender e reflexionar sobre a complexidade que implica definir o que é un trastorno mental, describindo algúns dos factores xenéticos, ambientais e evolutivos implicados, co fin de comprender as perspectivas psicopatolóxicas e os seus métodos de estudo. | ▪ PSB5.3.1. Describe perspectivas e modelos de estudo da psicopatoloxía, e reflexiona sobre os métodos utilizados por cada unha delas. | ▪ CMCCT |
| | | | PSB5.3.2. Utiliza a súa iniciativa persoal para realizar un cadro esquemático, en colaboración grupal e utilizando | ▪ CAA |

| | Psicoloxía. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ m | ▪ B5.15. Trastornos en relación á personalidade.<br>▪ B5.16. Trastornos en relación ao desenvolvemento evolutivo. | | medios informáticos, acerca das características relativas a algúns tipos de trastornos, por exemplo os asociados ás necesidades biolóxicas e ás adiccións (sexuais, alimentarias, drogodependencias, etc.), ás emocións (ansiedade e depresión), a elementos corporais (psicosomáticos, somatomorfos e disociativos), á personalidade (esquizoide, paranoide, limítrofe, dependente, narcisista, antisocial, etc.), ao desenvolvemento evolutivo (autismo, atraso mental, déficit de atención e hiperactividade, da aprendizaxe, asociados á vellez), etc. | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B5.17. Compoñentes hereditarios e aprendidos dos afectos.<br>▪ B5.18. Relación entre emoción e cognición.<br>▪ B5.19. Emocións primarias, secundarias e autoconscientes.<br>▪ B5.20. Teorías sobre a emoción, como experiencia, como comportamento ou como suceso fisiolóxico. A psicoafectividade e o equilibrio da persoa.<br>▪ B5.21. Trastornos e problemas emocionais. | ▪ B5.4. Recoñecer e valorar os tipos de afectos, así como a orixe dalgúns trastornos emocionais, co obxecto de espertar o seu interese polo desenvolvemento persoal desta capacidade. | ▪ PSB5.4.1. Explica os tipos de afectos (sentimento, emoción e paixón), especificando os seus determinantes hereditarios e aprendidos, e analizando a relación entre emoción e cognición. | ▪ CCL |
| | | | ▪ PSB5.4.2. Describe as emocións primarias (medo, noxo, alegría, tristura, ira, sorpresa, etc.) e secundarias (ansiedade, hostilidade, humor, felicidade, amor, etc.), distinguíndoas das emocións autoconscientes (culpa, vergoña, orgullo, etc.). | ▪ CCL |
| | | | ▪ PSB5.4.3. Realiza un cadro comparativo sobre as teorías sobre a emoción, por exemplo como experiencia, como comportamento ou como suceso fisiolóxico, valorando a importancia da psicoafectividade no equilibrio da persoa. | ▪ CSC |
| | | | ▪ PSB5.4.4. Investiga, a través de internet, algúns trastornos emocionais (indiferenza emocional, dependencia afectiva, trastorno maníaco-depresivo, descontrol emotivo, etc.) e problemas emocionais (medo, fobias, ansiedade, estrés, depresión, etc.), exemplificando a través dalgún soporte audiovisual, e elabora as súas conclusións. | ▪ CD |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ m | ▪ B5.22. Importancia da afectividade e da sexualidade na maduración da persoa. Psicoloxía da sexualidade.<br>▪ B5.23. Comunicación emocional: linguaxe verbal e non verbal. | ▪ B5.5. Coñecer a importancia que na maduración da persoa teñen as relacións afectivas e sexuais, analizando criticamente os seus aspectos fundamentais. | ▪ PSB5.5.1. Identifica e aprecia a importancia que, no desenvolvemento e na maduración da persoa, teñen a afectividade e a sexualidade, como dimensións esenciais do ser humano, e describe os aspectos fundamentais da psicoloxía da sexualidade: fisioloxía da resposta sexual, conduta sexual, etc. | ▪ CSC |

| | Psicoloxía. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ PSB5.5.2. Diserta sobre a importancia da linguaxe verbal e non verbal como medios de comunicación emocional na nosa vida cotiá, e expón de xeito claro e argumentado as súas conclusións. | ▪ CCL |
| | Bloque 6. Psicoloxía social e das organizacións | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ g | ▪ B6.1. Impacto das diferenzas culturais no comportamento individual: a súa influencia nos esquemas cognitivos, na personalidade e na vida afectiva.<br>▪ B6.2. Proceso de socialización. Influencia no desenvolvemento persoal dos grupos, os papeis e os status sociais.<br>▪ B6.3. Orixe social das actitudes persoais. Influencia en condutas violentas en distintos ámbitos.<br>▪ B6.4. Roles sociais de xénero e as súas consecuencias no pensamento e na conduta do home e da muller | ▪ B6.1. Comprender e apreciar a dimensión social do ser humano, e entender o proceso de socialización como a interiorización das normas e valores sociais, apreciando a súa influencia na personalidade e na conduta das persoas. | ▪ PSB6.1.1. Analiza e valora as diferenzas culturais e o seu impacto no comportamento das persoas ao exercer a súa influencia nos esquemas cognitivos, a personalidade e a vida afectiva do ser humano. | ▪ CSC |
| | | | ▪ PSB6.1.2. Realiza unha presentación, colaborando en grupo e utilizando medios informáticos, sobre o proceso de socialización humana e a influencia dos grupos, os papeis e os status sociais no desenvolvemento da persoa. | ▪ CD |
| | | | ▪ PSB6.1.3. Investiga acerca da orixe social das actitudes persoais, valorando a súa utilidade para a predición da conduta humana e a súa influencia en condutas de violencia escolar, laboral, doméstica e de xénero, entre outras. | ▪ CSC |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B6.5. Procesos psicolóxicos de masas: impulsividade, intolerancia, inconsciencia, falta de perseveranza, volubilidade e falta de capacidade crítica.<br>▪ B6.6. Estudo psicolóxico das masas de Gustav Le Bon. Contaxio de sentimentos e emocións, e perda temporal da personalidade individual e consciente da persoa.<br>▪ B6.7. Psicoloxía de Erikson e a súa explicación das condutas radicais e irracionais nalgúns grupos.<br>▪ B6.8. Medidas para previr a conversión das persoas en masa. | ▪ B6. 2. Coñecer e valorar os procesos psicolóxicos das masas, a súa natureza, as características e as pautas de comportamento, co fin de evitar as situacións de vulnerabilidade en que da persoa poida perder o control sobre os seus propios actos. | ▪ PSB6.2.1. Procura e selecciona información en internet acerca das características da conduta do individuo inmerso na masa, tales como impulsividade, intolerancia, inconsciencia, falta de perseveranza, volubilidade e falta de capacidade crítica, entre outras. | ▪ CD |
| | | | ▪ PSB6.2.2. Utiliza e selecciona información acerca do estudo psicolóxico das masas, realizado por Gustav Le Bon, e elabora conclusións acerca do poder da persuasión, o contaxio de sentimentos e emocións que se produce nas masas e os seus efectos na perda temporal da personalidade individual e consciente da persoa. | ▪ CSC |
| | | | ▪ PSB6.2.3. Indaga na psicoloxía de Erikson e destaca algunhas das causas psicolóxicas explicativas que sinala acerca dos actos terroristas ou do pensamento radical e irracional que se pon de manifesto en seguidores/as de equipos deportivos, artistas, grupos políticos, relixiosos, etc. | ▪ CSC |

| | Psicoloxía. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ PSB6.2.4. Elabora conclusións, en colaboración grupal, e formula pautas de conduta preventivas co fin de evitar que as persoas se convertan en parte da masa, perdendo o control da súa conduta, dos seus pensamentos e dos seus sentimentos. | ▪ CSC |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ m | ▪ B6.9. Aplicación da Psicoloxía no mundo laboral. Recursos humanos: selección de persoal, integración na empresa, e evolución persoal e profesional.<br>▪ B6.10. Aplicación da psicoloxía no mundo laboral. Factores psicolóxicos e desenvolvemento laboral: adaptación, innovación, traballo colaborador, xestión de coñecementos, creatividade, autoestima, proposición de retos, motivación, fomento da participación, autonomía e xeración de ambientes creativos.<br>▪ B6.11. Aplicación da psicoloxía no mundo laboral. Riscos da saúde psicolóxica laboral. | ▪ B6.3. Entender e describir a importancia da psicoloxía no campo laboral e o desenvolvemento das organizacións, reflexionando sobre a importancia do liderado como condición necesaria para a xestión das empresas, reflexionando sobre os erros psicolóxicos que se producen na súa xestión e procurando os recursos axeitados para afrontar os problemas. | ▪ PSB6.3.1. Comenta e aprecia a importancia da aplicación da psicoloxía no mundo laboral, en temas tales como os aspectos psicolóxicos que inflúen na produtividade e no desenvolvemento empresarial, a importancia dos métodos e das técnicas psicolóxicas para a selección de persoal segundo os perfís laborais e a resolución de conflitos, etc. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ PSB6.3.2. Procura e selecciona información sobre recursos humanos: selección de persoal e desenvolvemento de programas profesionais favorecedores da integración do persoal traballador na empresa, e a súa evolución persoal e profesional. | ▪ CSIEE |
| | | | ▪ PSB6.3.3. Describe a importancia dos factores psicolóxicos que inflúen no desenvolvemento laboral, como a adaptación, a innovación, o traballo colaborador, a xestión de coñecementos, a creatividade e a autoestima, identificando factores fundamentais, como a proposición de retos, a motivación, o fomento da participación, a autonomía e a xeración de ambientes creativos, mediante exemplos de casos concretos e reflexionando criticamente sobre a súa aplicación en diversos ámbitos de traballo. | ▪ CCL |
| | | | ▪ PSB6.3.4. Investiga, en páxinas de internet, acerca dos principais riscos da saúde laboral, como son o estrés, a ansiedade, o mobbing e a síndrome de Burnout. | ▪ CD |

## 4.- ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS. MATERIAIS DIDÁCTICOS.

A materia de Psicoloxía ten unha carga lectiva de 3 horas semanais. A metodoloxía a empregar nesta materia ten que garantir a consolidación de competencias traballadas xa en etapas educativas anteriores. Así mesmo, coa finalidade de avaliar as evidencias de aprendizaxe vinculadas aos estándares indicados e a consecución das competencias clave, o profesor utilizará instrumentos variados.
De acordo con este criterio, as metodoloxías concretas empregadas polo profesorado nesta materia deberán orientarse a:
- Potenciar unha autonomía progresiva, e a creatividade por parte das alumnas e dos alumnos, na obtención, análise e procesamento da información referida ás cuestións e problemas propostos.
- Promover o diálogo e o debate horizontal entre iguais como un medio para desenvolver estratexias de conceptualización, comunicación e empatía intelectual e emocional.
- Manter un modelo de aprendizaxe funcional no cal as nocións que se van adquirido sexan aplicadas á vida real ou virtual.
- Promover a lectura e análise de textos, así como a composición de textos propios e exposicións orais e escritas.
- Normalizar o uso de vocabulario técnico específico e esixir uns niveis de rigor lóxico e de coherencia argumentativa tanto nas produccións orais como nas escritas.

Entre os recursos didácticos destacamos:

– Materiais elaborados polo departamento
– As sesións de explicación e aprendizaxe na aula.
– Outros como: noticias e artigos de prensa, fotocopias de textos, gráficos, cadros, táboas. Visionado de documentais sobre temas de interese e comentario dos mesmos. Uso de las fichas de traballo axustados a nova lei, actividades interactivas, vídeos, etc. como ferramentas permiten atender diferentes necesidades.

## 5. SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS .

A programación actual permitirá a adecuación, se fose preciso, de calquera dos elementos que constitúen o currículo ó calendario escolar así como ás circunstancias específicas que poidan presentarse ao longo do curso. Da mesma forma, O calendario escolar proposto para este curso condicionará a distribución das unidades didácticas e as datas de entrega dos exercicios e exames. A priori establécese a seguinte secuencia:

**1ª avaliación.**
Tema 1. A psicoloxía como ciencia
Tema 2. Fundamentos neurolóxicos da conducta
Tema 3. Fundamentos xenéticos de la conducta
Tema 4. Procesos cognitivos básicos: a percepción e a atención

**2ª avaliación**:
Tema 5. Procesos cognitivos básicos, a memoria
Tema 6. Procesos cognitivos superiores: o aprendizaxe
Tema 7. Procesos cognitivos superiores:o pensamento e a intelixencia
Tema 8. Construcción do ser humano: a motivación e a emoción.

**3ª avaliación**:
Tema 9. Construcción do ser humano: a personalidade
Tema 10. Introducción á psicopatoloxía
Tema 11. Psicoloxía social

## 6. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E RECUPERACIÓN DO ALUMNADO.

Como todos sabemos os obxectivos que aparecen na táboa corresponden aos establecidos no DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. do DOG concretados para a nosa Comunidade Autónoma de Galicia no Título II, capítulo I, artigo 26.
As competencias clave tamén aparecen na ORDE do BOE ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato:
a) Comunicación lingüística.
b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
c) Competencia dixital.
d) Aprender a aprender.
e) Competencias sociais e cívicas.
f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
g) Conciencia e expresións culturais
Como xa sabemos as competencias deben ser o elemento central á hora de avaliar a o noso alumnado: como di a lei na Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. Respecto aos criterios de avaliación no seu artigo 5:
“Os **criterios de avaliación** deben servir de referencia para valorar o que o alumnado sabe e sabe facer en cada área ou materia. Estes criterios de avaliación desagréganse en estándares de aprendizaxe avaliables. Para valorar o desenvolvemento competencial do alumnado, serán estes estándares de aprendizaxe avaliables, como elementos de maior concreción, observables e medibles, os que, ao se pór en relación coas competencias clave, permitirán graduar o rendemento ou desempeño alcanzado en cada unha delas.”

Polo tanto a metodoloxía empregado debe garantir esa esixencia. Así pois as estratexias metodolóxicas da aula son: o traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais; o traballo colaborativo en grupo pequeno (3 ou 4 alumnos); a posta en común no gran grupo; e a exposición do profesor.

### Ferramentas de avaliación.

• Rexistro de avaliación: permitirá valorar ao alumno na medida que non se trata das probas tipo test, que estará integrado por:
• Rúbrica de exposición oral.
• Rúbrica de exposición con ferramentas dixitais.
• Rúbrica de traballos escritos.

### AVALIACIÓN E RECUPERACIÓN.

-**Proba de avaliación** dos compoñentes do currículo da materia mediante:

**-Actividades dirixidas, grupais e individuais**. Contará ata un **80%** da nota final.
E o **20 %** restante consistirá na observación sistemática do alumno valorando principalmente a realización de actividades e de traballos propostos polo profesor mediante rúbricas, rexistros ou escalas de observación tanto a nivel individual como en grupo.
Aquí distínguese:
a) Actividades de clase: trátase de exercicios propostos polo profesor e que servirán de apoio á consecución dos obxectivos e competencias relacionadas co ámbito da linguaxe escrita, así como os estándares de aprendizaxe.
b) Participación, intervencións e exposicións de clase. Trátase avaliarse a consecución de competencias relacionadas co ámbito oral da linguaxe entre outras.
-Promocionarán os que obteñan como mínimo 5 puntos na cualificación final.
Se algún alumno suspende un dos dous exames dos que consta cada avaliación, aínda podería aprobar a avaliación compensando a nota media co segundo dos exames da devandita avaliación.

Se a media final de todas as avaliacións non resulta un 5 ou superior (calculada facendo a media das tres avaliacións e dividindo entre tres, para facer media a nota mínima dunha avaliación será dun 3,5 puntos) haberá unha **Recuperación Final** de toda a materia. a este último exame poderán presentarse aqueles alumnos que queiran mellorar a súa nota media.

O alumnado que suspende en maio está obrigado a volver presentarse en xuño para superar a materia.

-Tamén farase un Rexistro para a autoavaliación do profesorado que responda á atención á diversidade, e á aprendizaxe de cada unidade, ás actividades realizadas, ós interese do alumnado e ós cambios cara ao próximo curso e por qué.

# *1.2.- ETAPA DE ENSINO SECUNDARIO*

## A.-VALORES ÉTICOS

### 1.- INTRODUCIÓN.

Esta materia ten como obxectivo básico orientar o alumnado adolescente na escolla do seu proxecto de vida persoal. A orientación de Valores Éticos permitirá que ese proxecto se vaia enchendo de xeito acorde coa racionalidade práctica. Isto supón que o proxecto vai requirir virtudes intelectuais como o rigor, a coherencia, a honradez intelectual ou o apego á realidade. Pola dimensión práctica desa racionalidade, o proxecto requirirá que o alumnado vaia construíndo, desde a reflexión, un código ético de valores e normas que determinarán as súas decisións para guiar a súa conduta de tal xeito que realce a súa dignidade persoal .

No plano didáctico, Valores Éticos contribúe á consecución das **competencias clave**. Resulta evidente que o obxectivo de alcanzar maiores competencias

sociais e cívicas está na súa propia constitución como materia. Pero a reflexión ética tamén require a posta en práctica da competencia comunicación lingüística, pola necesidade de rigor e claridade na exposición das propias ideas, e da capacidade dialóxica para comprender os puntos de vista alleos e aprender deles. Tamén resulta indispensable fomentar tanto a competencia de aprender a aprender como a de sentido da iniciativa e espírito emprendedor, pois ambas inciden na necesidade de crecemento persoal, tanto na orde do exercicio dos procesos cognitivos como na do aprecio pola creatividade, o sentido crítico e o non estancamento.

Para a reflexión ética, ademais, é necesario coñecer e dialogar con pensadores/as que, coas súas teorías antropolóxicas, éticas e políticas, foron moldeando tanto a nosa cultura como os valores de respecto, non-violencia, liberdade, igualdade entre as persoas, solidariedade e pluralismo; valores que son o corazón da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH).

Poucas materias afondan no tratamento dos **elementos transversais** do currículo como a de Valores Éticos, tendo algún deses elementos, como a educación cívica e constitucional, como parte nuclear, e necesitando o concurso dos outros, como a comprensión de lectura, a corrección na expresión oral e escrita, o uso de ferramentas para a comunicación audiovisual e outros elementos de TIC, ou a aposta polo emprendemento como antítese do estancamento e a pasividade. Pero, ademais, na materia abórdanse temas como o desenvolvemento sustentable, o abuso e o maltrato de persoas con discapacidade, ou o fomento da igualdade de oportunidades, porque nestes e en outros é a reflexión ética a quen ten que orientar a nosa conduta.

O currículo da materia está estruturado en **seis bloques temáticos** con enfoques, perspectivas e niveis de fondura diferente: "A dignidade da persoa", "A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais", "A reflexión ética", "A xustiza e a política", "Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos" e, por último, "Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía".

As diferenzas entre bloques e o ter en conta os diversos momentos do desenvolvemento cognitivo do alumnado nesta etapa foron os motivos determinantes de que, no currículo do **primeiro** ciclo, os alumnos e as alumnas de primeiro de ESO traballen o referido á personalidade e á súa constitución, a esixencia dos problemas morais e a introdución á reflexión ética e política. En **segundo** de ESO abórdanse as achegas que, no campo da reflexión moral, fixeron os/as grandes pensadores/as e filósofos/as da historia, así como as conexións necesarias entre o campo da ética, o do dereito e o da política; conexións nas que o concepto de xustiza ocupa un papel central. En **terceiro** de ESO, curso final do ciclo, os temas atinxen á configuración da vida social e política, pondo como criterio ético básico dunha sociedade xusta o respecto á DUDH e os valores que a conforman, e vendo que tanto a Constitución Española como o Estatuto de Autonomía de Galicia se axustan a este criterio e o enriquecen. No **cuarto** curso da etapa retómanse xa, pero desde un nivel de afondamento superior, todos os temas que foron xurdindo nos cursos previos, tendo como horizonte que o alumnado, ao final da etapa,

estea xa capacitado para levar a cabo o proxecto máis importantes de aqueles nos que se embarcarán: o dunha vida persoal e social digna e satisfactoria.

## 2.- OBXECTIVOS CURRICULARES.

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan: a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

# A.1. VALORES ÉTICOS ( 1º ESO)

A materia Valores éticos 1º ESO é o primeiro curso do primeiro ciclo de Ensinanza Secundaria, continuando a materia ata 4º ESO, por iso, forma parte dunha secuencia e non pode tomarse de maneira completamente illada. Está claro que o obxectivo de maior importancia da materia constitúeno a consecución de certas competencias crave comúns a toda a secundaria e atender aos obxectivos de secundaria obrigatoria, e a nosa materia debe contribuír na medida do posible a iso. Isto leva a cabo a través dos outros elementos do currículo: estándares de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos que aparecen no DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 21/6/2015).

## 1. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE e COMPETENCIAS CLAVE.

| OBXECTIVOS CURRICULAIS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTANDARES DE APRENDIZAXE | C. CLAVE |
|---|---|---|---|---|
| **Bloque 1. A dignidade da persoa** | | | | |
| . a<br>. d<br>. ·h | B1.1. O concepto problemático de persoa. Significado etimolóxico.<br>. B1.2. Características da persoa: independencia, racionalidade e liberdade.<br>. B1.3. Dignidade da persoa: a persoa como ser moral. | B1.1. Construír un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre. | . VEB1.1.1. Sinala as dificultades para definir o concepto de persoa analizando o seu significado etimolóxico<br>. VEB1.1.2. Describe as características principais da persoa: substancia independente, racional e libre.<br>. VEB1.1.3. Explica e valora a dignidade da persoa que, como ente autónomo, se converte nun "ser moral". | . CCL<br>. ·CCL<br>. CSC |
| .·a<br>. b<br>. d<br>. e | B1.4. Adolescencia: crise de identidade, formación de grupos e influencia do grupo no/na adolescente.<br>. ·B1.5. Desenvolvemento da autonomía persoal na adolescencia. Control da conduta e escolla de valores éticos. | B1.2. Comprender a crise da identidade persoal que xorde na adolescencia e as súas causas, e describir as características dos grupos que forman e a influencia que exercen sobre os seus membros, coa finalidade de tomar conciencia da necesidade que ten, para seguir medrando moralmente e pasar á vida | . VEB1.2.1. Coñece información, de fontes diversas, arredor dos grupos de adolescentes, as súas características e a influencia que exercen sobre os seus membros na determinación da súa conduta, e realiza un resumo coa información obtida.<br>. ·VEB1.2.2. Elabora conclusións sobre a importancia que ten para o/a adolescente desenvolver a autonomía | ·CAA<br>·CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| . ·g<br>. ·h | | adulta, do desenvolvemento da súa autonomía persoal e do control da súa conduta. | persoal e ter o control da súa propia conduta conforme aos valores éticos libremente elixidos. | ·CSIEE |
| . ·a<br>. ·f<br>. ·g | B1.6. Personalidade: factores xenéticos, sociais, culturais e do contorno ambiental que inflúen na súa construción. Capacidade de autodeterminación no ser humano. | B1.3. Describir en que consiste a personalidade e valorar a importancia de enriquecela con valores e virtudes éticas, mediante o esforzo e a vontade persoal. | VEB1.3.1. Identifica en que consiste a personalidade e os factores xenéticos, sociais, culturais e do contorno que inflúen na súa construción. | ·CSC<br>CSIEE |
| . ·a<br>. d<br>. ·g<br>. ·h | B1.7. A razón e a liberdade na estruturación da personalidade e na escolla dos valores éticos que a conformarán. | B1.4. Xustificar a importancia que ten o uso da razón e a liberdade no ser humano para determinar "como quere ser", elixindo os valores éticos que desexa incorporar á súa personalidade. | VEB1.4.1. Describe e estima o papel relevante da razón e a liberdade para configurar cos seus propios actos a estrutura da súa personalidade.<br>VEB1.4.2. Realiza unha lista dos valores éticos que estima como desexables para integralos na súa personalidade, e explica as razóns da súa elección. | ·CSC<br>·CSIEE |
| . a<br>. b<br>. ·d<br>. ·e<br>. ·g<br>. ·h | B1.8. A intelixencia emocional e o seu papel no desenvolvemento moral da persoa.<br>B1.9. Emocións, sentimentos e vida moral.<br>B1.10. Valores éticos e capacidade de autocontrol emocional. | B1.5. Analizar en que consiste a intelixencia emocional e valorar a súa importancia no desenvolvemento moral do ser humano. | VEB1.5.1. Define a intelixencia emocional e as súas características, valorando a súa importancia na construción moral do ente humano.<br>VEB1.5.2. Explica en que consisten as emocións e os sentimentos, e como se relacionan coa vida moral.<br>VEB1.5.3. Atopa, disertando en grupo, a relación entre algunhas virtudes e valores éticos e o desenvolvemento das capacidades de autocontrol emocional e automotivación,<br>tales como a sinceridade, o respecto, a prudencia, a temperanza, a xustiza e a perseveranza entre outras. | ·CCL<br>·CCL<br>·CAA<br>·CSC<br>·CSIEE |
| . ·b<br>. d<br>. ·g | B1.12. Habilidades emocionais e virtudes éticas.<br>B1.13. Introspección: autocoñecemento, autocontrol e autonomía emocional e a súa influencia na construción da personalidade e | B1.6. Estimar a importancia do desenvolvemento emocional e a súa influencia na construción da personalidade e o seu carácter moral, con capacidade de empregar a | VEB1.6.1. Comprende en que consisten as habilidades emocionais que, segundo Goleman, debe desenvolver o ser humano, e elabora un esquema explicativo arredor do tema, en colaboración en grupo.<br>VEB1.6.2. Relaciona o desenvolvemento das habilidades | ·CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| . ·h<br><br>. ·m | o seu carácter moral, con capacidade de empregar a introspección para recoñecer emocións e sentimentos no seu interior, para mellorar as súas habilidades emocionais. que, segundo Goleman, debe desenvolver o ser humano, e elabora un esquema explicativo arredor do tema, en colaboración en grupo. | introspección para recoñecer emocións e sentimentos no seu interior, para mellorar as súas habilidades emocionais e o desenvolvemento da intelixencia | emocionais coa adquisición das virtudes éticas, tales como a perseveranza, a prudencia, a autonomía persoal, a temperanza, a fortaleza da vontade, a honestidade cun mesmo, o respecto á xustiza e a fidelidade aos propios principios éticos, entre outras.<br><br>VEB1.6.3. Emprega a introspección como medio para recoñecer as propias emocións, os sentimentos e os estados de ánimo, coa finalidade de ter un maior control deles e ser capaz de automotivarse, converténdose no dono da propia conduta. | . CSC<br><br>·CAA<br><br>·CSIEE |
| ··a<br><br>··d<br><br>·g<br><br>·m | B1.14. Construción da identidade propia consonte valores éticos.<br><br>B1.15. Persoa como proxecto vital. | B1.7. Comprender e apreciar a capacidade do ser humano, para influír de maneira consciente e voluntaria na construción da súa propia identidade, consonte os valores éticos, e así mellorar a súa autoestima. | VEB1.7.1. Toma conciencia e aprecia a capacidade que posúepara modelar a propia identidade e facer de si mesmo/a unha persoa xusta, sincera, tolerante, amable, xenerosa, respectuosa, solidaria, honesta, libre, etc., nunha palabra, digna de ser apreciada por si mesmo<br><br>VEB1.7.2. Deseña un proxecto dea. vida persoal conforme o modelo de persoa que quere ser e os valores éticos que desexa adquirir, facendo que a súa propia vida teña un sentido. | ·CSIEE |
| **Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais** | | | | |
| ·a<br>·b<br>·d<br>·e<br>·g<br>. h | B2.1. A natureza social do ser humano.<br><br>B2.2. Relación dialéctica entre individuo e sociedade.<br><br>B2.3. Os valores éticos como guías das relación interpersoais na sociedade. | B2.1. Coñecer os fundamentos da natureza social do ser humano e a<br><br>relación dialéctica que se establece entre este e a sociedade, estimando a importancia dunha vida social dirixida polos valores éticos. | VEB2.1.1. Explica por que o ser humano é social por natureza e valora as consecuencias que ten este feito na súa vida persoal e moral.<br><br>VEB2.1.2. Discirne e expresa, en pequenos grupos, sobre a influencia mutua que se establece entre o individuo e a sociedade.<br><br>VEB2.1.3. Achega razóns que fundamenten a necesidade de establecer uns valores éticos que | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | guíen as relacións interpersoais e utiliza a iniciativa persoal para elaborar, mediante soportes informáticos·<br><br>VEB2.2.2. Exemplifica, en colaboración en grupo, a influencia que teñen na configuración da persona.<br><br>VEB2.2.4. Elabora unha presentación gráfica das súas conclusións sobre este tema. | |
| ·a<br>·b<br>·d<br>·e<br>·g<br>·h<br>·ñ | B2.4. Proceso de socialización: interiorización de valores e normas morais.<br><br>B2.5. Valores inculcados polos axentes sociais na configuración da personalidade.<br><br>B2.6. Necesidade da crítica racional para alcanzar valores éticos universais, exemplificados na DUDH e baseados na dignidade | B2.2. Describir e valorar a importancia da influencia do contorno social e cultural no desenvolvemento moral da persoa, a través da análise do papel que desempeñan os axentes sociais. | VEB2.2.1. Describe o proceso de socialización e valora a súa importancia na interiorización individual dos valores e as normas morais que rexen a conduta da sociedade na que viven<br><br>VEB2.2.2. Exemplifica, en colaboración<br><br>en grupo, a influencia que teñen na configuración da persoa lidade os valores morais inculcados polos axentes sociais, entre eles a familia, a escola, os amigos e os medios de comunicación masiva, elaborando un esquema e conclusións, utilizando soportes informáticos.<br><br>VEB2.2.3. Xustifica e aprecia a necesidade da crítica racional, como medio indispensable para adecuar aos valores éticos universais establecidos na DUDH os costumes, as normas, os valores, etc., do seu medio, rexeitando todo o que atente contra a dignidade do humano e os seus dereitos fundamentais. | CAA |
| ·a<br>·h | B2.7. Diferenza entre a vida privada (regulada pola ética) e a vida pública (regulada polo dereito).<br><br>Límites da liberdade nos dous ámbitos. | B2.3. Distinguir na persoa os ámbitos da vida privada e da vida pública, a primeira regulada pola ética e a segunda polo dereito, coa finalidade de identificar os límites da liberdade persoal e social. | VEB2.3.1. Define os ámbitos da vida privada e a pública, así como o límite da liberdade humana, en ambos os casos. | CCL |
| ·a<br>·b<br>·d<br>·h | B2.8. Habilidades emocionais de Goleman e valores éticos que atinxen ás relación humanas. | B2.4. Relacionar e valorar a importancia das habilidades da intelixencia emocional sinaladas por<br><br>Goleman, en relación coa vida interpersoal, e establecer o seu vínculo | VEB2.4.1. Comprende a importancia<br><br>que para Goleman ten a capacidade de recoñecer as emocións alleas e a de controlar as relacións interpersoais, e elabora un resumo esquemático sobre o | CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | cos valores éticos que enriquecen as relacións humanas. | tema. | |
| ▪a<br>▪b<br>▪▪d<br>▪g<br>▪h | B2.9. Asertividade fronte a agresividade e a inhibición.<br>B2.10. Asertividade e respecto á dignidade das outras persoas.<br>B2.11. Asertividade e outras habilidades sociais. | B2.5. Utilizar a conduta asertiva e as habilidades sociais, coa finalidade de incorporar á súa personalidade algúns valores e virtudes éticas necesarias no desenvolvemento dunha vida social máis xusta e enriquecedora. | VEB2.5.1. Explica en que consiste a conduta asertiva, facendo unha comparación co comportamentoagresivo ou inhibido, e adopta como principio moral fundamental, nas relacións interpersoais, o respecto á dignidade das persoas. | |
| | | | VEB2.5.2. Amosa, nas relacións interpersoais, unha actitude de respecto cara ao dereito que todos os seres humano teñen a sentir, pensar e actuar de forma diferente, a equivocarse, a gozar do tempo de descanso, a ter unha vida privada, a tomar as súas propias decisións, etc., e nomeadamente a ser valorado de forma especial polo simple feito de ser persoa, sen discriminar nin menosprezar a ninguén, etc. | |
| | | | VEB2.5.3. Emprega, en diálogos curtos reais ou inventados, habilidades sociais como a empatía, a escoita activa, a interrogación asertiva, etc., coa finalidade de que aprenda a utilizalos de forma natural na súa relación coas demais persoas. | CAA<br>CCL |
| | | | VEB2.5.4. Exercita algunhas técnicas de comunicación interpersoal, mediante a realización de diálogos orais, tales como a forma axeitada de dicir non, o disco raiado, o banco de néboa, etc., co obxecto de dominalas e poder utilizalas no momento adecuado. | CAA<br>CCL<br>CSIEE |
| a<br>b<br>d<br>h | B2.12. Valores e virtudes éticasnas relación interpersoais.<br>B2.13. Deber moral e cívico do auxilio. | B2.6. Xustificar a importancia dosvalores e das virtudes éticas para conseguir unhas relacións interpersoais xustas, respectuosas e satisfactorias. | VEB2.6.1. Identifica a adquisicióndas virtudes éticas como unha condición necesaria para lograr unhas boas relacións interpersoais, entre elas a prudencia, a lealdade, a sinceridade, a xenerosidade, etc. | CSC |
| | | | VEB2.6.2. Elabora unha lista con algúns valores éticos que deben estar presentes nas relacións entre o individuo e a sociedade, tales como responsabilidade, compromiso, tolerancia, pacifismo, lealdade, solidariedade, prudencia, respecto mutuo, xustiza, etc. | CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | VEB2.6.3. Destaca o deber moral e cívico que todas as persoas teñen de prestar auxilio e socorro a outras cuxa vida, liberdade e seguridade estean en perigo de xeito inminente, colaborando na medida das súas posibilidades a prestar primeiros auxilios, en casos de emerxencia. | CSC |
| **Bloque 3. A reflexión ética** | | | | |
| a<br>b<br>c<br>d<br>h | B1.1. A dignidade do ser humano como valor básico no que se asenta a DUDH.<br>B1.2. Atributos esenciais do ser humano na DUDH: razón, conciencia e liberdade.<br>B1.3. Léxico do bloque: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc. | B1.1. Interpretar e valorar a importancia da dignidade da persoa como o valor do que parte e no que se fundamenta a DUDH, subliñando os atributos inherentes á natureza humana e os dereitos inalienables e universais que derivan dela, como o punto de partida sobre o que deben xirar os valores éticos nas relacións humanas a nivel persoal, social, estatal e universal. | B1.1.1. Identifica a orixe dos dereitos inalienables e universais que establece a DUDH na dignidade do ser humano en tanto que persoa e os atributos inherentes á súa natureza. | CSC |
| | | | B1.1.2. Identifica na DUDH os atributos esenciais do ser humano: razón, conciencia e liberdade. | CCL |
| | | | B1.1.3. Relaciona adecuadamente os termos e as expresións seguintes, que se utilizan na DUDH: dignidade da persoa, fraternidade, liberdade humana, trato digno, xuízo xusto, trato inhumano ou degradante, detención arbitraria, presunción de | CAA |
| | | | inocencia, discriminación, violación de dereitos, etc. | |
| | **Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais** | | | |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>g<br>h | B2.1. Dereitos e liberdades dos individuos establecidos na DUDH que o Estado debe respectar. | B2.1. Explicar, baseándose na DUDH, os principios que deben rexer as relacións entre a cidadanía e o Estado, co fin de favorecer o seu cumprimento na sociedade en que viven. | B2.1.1. Comenta, segundo o establecido pola DUDH nos artigos do 12 ao 17, os dereitos do individuo que o Estado debe respectar e fomentar, nas relacións existentes entre ambos. | CCL |
| | | | B2.1.2. Explica os límites do Estado que establece a DUDH nos artigos do 18 ao 21, ao determinar as liberdades dos cidadáns e das cidadás que este debe protexer e respectar. | CCL |
| | | | B2.1.3. Elabora unha presentación con soporte informático e audiovisual que ilustre os contidos máis sobresalientes tratados no tema, e expón as súas conclusións de xeito argumentado. | CCL<br>CD<br>CSIEE |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a<br>c<br>d<br>g<br>h | B2.2. Fenómeno da socialización global.<br>B2.3. Perigos da socialización global á marxe dos valores éticos universais.<br>B2.4. Medios de comunicación de masas e socialización global. Conflito entre liberdade de expresión outros dereitos. | B2.2. Explicar en que consiste a socialización global e a súa relación cos medios de comunicación masiva, valorando os seus efectos na vida e no desenvolvemento moral das persoas e da sociedade, e reflexionar acerca do papel que deben ter a ética e o Estado en relación con este tema. | B2.2.1. Describe e avalía o proceso de socialización global, mediante o que se produce a interiorización de valores, normas, costumes, etc. | CCEC<br>CCL |
| | | | B2.2.2. Sinala os perigos que encerra o fenómeno da socialización global se se desenvolve á marxe dos valores éticos universais, e debate acerca da necesidade de establecer límites éticos e xurídicos neste tema. | CSC |
| | | | B2.2.3. Diserta acerca do impacto que teñen os medios de comunicación masiva na vida moral das persoas e da sociedade, expresando as súas opinións con rigor intelectual. | CCEC<br>CCL |
| | | | B2.2.4. Valora a necesidade dunha regulación ética e xurídica en relación co uso de medios de comunicación masiva, respectando o dereito á información e á liberdade de expresión que posúen os cidadáns e as cidadás. | CCEC<br>CSC |
| | **Bloque 3. A reflexión ética** | | | |
| | **Valores éticos. 4º de ESO** | | | |
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | C. clave |
| a<br>d<br>f<br>h | B3.1. Importancia e valor da reflexión ética como defensa dos DDHH.<br>B3.2. Novos campos da ética aplicada: profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc. | B3.1. Recoñecer que a necesidade dunha regulación ética é fundamental no mundo actual de grandes e rápidos cambios, debido á magnitude dos perigos aos que se enfronta o ser humano, polo que resulta necesaria a súa actualización e a ampliación aos novos campos de acción da persoa, co fin de garantir o cumprimento dos dereitos humanos. | B3.1.1. Xustifica racionalmente e estima a importancia da reflexión ética no século XXI, como instrumento de protección dos dereitos humanos ante o perigo que poden representar entes posuidores de grandes intereses políticos e económicos e grupos violentos, que teñen ao seu alcance armamento de grande alcance científico e tecnolóxico, capaces de pór en grande risco os dereitos fundamentais da persoa. | CSC |
| | | | B3.1.2. Sinala algúns dos novos campos aos que se aplica a ética (profesional, bioética, ambiente, economía, empresa, ciencia e tecnoloxía, etc.). | CMCCT<br>CSIEE |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a<br>d<br>g<br>h<br>m | B3.3. Proxecto de vida persoal: límites e oportunidades que ofrecen as circunstancias persoais, e valores éticos que serven como guía. | B3.2. Comprender e apreciar a importancia que teñen para o ser humano do século XXI as circunstancias que o rodean, salientando os límites que lle impoñen e as oportunidades que lle ofrecen para a elaboración do seu proxecto de vida, conforme os valores éticos que libremente elixe e que dan sentido á súa existencia. | B3.2.1. Describe e avalía as circunstancias que no momento actual o/a rodean, identificando as limitacións e as oportunidades que se lle formulan desde as perspectivas social, laboral, educativa, económica, familiar, afectiva, etc., co obxecto de deseñar, a partir delas, o seu proxecto de vida persoal, determinando libremente os valores éticos que deben guialo/a. | CSIEE |
| a<br>b<br>d<br>h<br>l | B3.4. Éticas formais e éticas materiais.<br>B3.5. Ética kantiana: carácter formal. Autonomía da persoa como valor ético fundamental. | B3.3. Distinguir os principais valores éticos nos que se fundamentan as éticas formais, establecendo a súa relación coa ética kantiana e sinalando a importancia que este filósofo lle atribúe á autonomía da persoa como valor ético fundamental. | B3.3.1. Define os elementos distintivos das éticas formais e compáraos cos relativos ás éticas materiais. | CCL |
| | | | B3.3.2. Explica as características da ética kantiana (formal, universal e racional), así como a importancia da súa achega á ética universal. | CCL |
| | | | B3.3.3. Aprecia, na ética kantiana, o seu fundamento na autonomía da persoa como valor ético esencial e a súa manifestación no imperativo categórico e as súas formulacións. | CSC |
| b<br>c<br>d<br>e<br>g<br>h | B3.6. Ética do discurso, de Apel e Habermas, como ética formal. Relación coa ética de Kant. | B3.4. Identificar a ética do discurso, de Habermas e de Apel como unha ética formal, que salienta o valor do diálogo e o consenso na comunidade, como procedemento para atopar normas éticas xustas. | B3.4.1. Identifica a ética do discurso como unha ética formal e describe en que consiste o imperativo categórico que formula, sinalando as similitudes e as diferenzas que posúe co imperativo da ética de Kant. | CAA |
| | | | B3.4.2. Utiliza a súa iniciativa persoal e emprendedora para elaborar unha presentación con soporte informático acerca das éticas formais, expresando e elaborando conclusións fundamentadas. | CD<br>CSIEE |
| | **Valores éticos. 4º de ESO** | | | |
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | C. clave |
| | **Bloque 4. A xustiza e a política** | | | |
| a<br>c<br>d<br>h<br>l | B4.1. Democracia e xustiza.<br>B4.2. Deberes cívicos como cumprimento de valores éticos e como defensa e difusión dos dereitos humanos. | B4.1. Concibir a democracia non só como unha forma de goberno, senón como un estilo de vida cidadá, consciente do seu deber como elemento activo da vida política, colaborando na defensa e na difusión dos dereitos humanos tanto na súa vida persoal como na social. | B4.1.1. Comprende a importancia que ten para a democracia e a xustiza, que os cidadáns e as cidadás coñezan e cumpran os seus deberes (defensa dos valores éticos e cívicos, coidado e conservación de todos os bens e servizos públicos, participación na elección de representantes políticos/as, respecto e tolerancia á pluralidade de ideas e de crenzas, acatamento das leis e das sentenzas dos tribunais de xustiza, pagamento dos impostos establecidos, etc.). | CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a<br>c<br>d<br>h<br>l | B4.3. Perigos dunha globalización sen valores éticos.<br>B4.4. Promoción dos DDHH por parte dos Estados: fomento e ensino dos valores éticos. | B4.2. Reflexionar acerca do deber da cidadanía e dos Estados de promover o ensino e a difusión dos valores éticos como instrumentos indispensables para a defensa da dignidade e os dereitos humanos, ante o perigo que o fenómeno da globalización pode representar para a destrución do planeta e a deshumanización da persoa. | B4.2.1. Diserta e elabora conclusións, en grupo, acerca das terribles consecuencias que pode ter para o ser humano o fenómeno da globalización, se non se establece unha regulación ética e política (egoísmo, desigualdade, interdependencia, internacionalización dos conflitos armados, imposición de modelos culturais determinados por intereses económicos que promoven o consumismo e a perda de liberdade humana, etc.). | CAA<br>CSC |
| | | | B4.2.2. Comenta o deber ético e político que teñen todos os estados, ante os riscos da globalización, de tomar medidas de protección dos dereitos humanos, nomeadamente a obriga de fomentar o ensino dos valores éticos e a súa vixencia, e a necesidade de respectalos en todo o mundo (deber de contribuír na construción dunha sociedade xusta e solidaria, fomentando a tolerancia, o respecto aos dereitos das demais persoas; honestidade, lealdade, pacifismo, prudencia, e mutua comprensión mediante o diálogo, a defensa e protección da natureza, etc.). | CSC |
| | **Bloque 5. Os valores éticos, o Dereito e a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH)** | | | |
| a<br>d<br>g<br>h | B5.1. Dereito e leis: finalidade, características e xustificación ética.<br>B5.2. Conflitos entre principios éticos individuais e principios normativos sociais. | B5.1. Apreciar a necesidade das leis xurídicas no Estado, para garantir o respecto aos dereitos humanos, e disertar acerca dalgúns dilemas morais nos que existe un conflito entre os deberes éticos, relativos á conciencia da persoa, e os deberes cívicos que lle impoñen as leis xurídicas. | B5.1.1. Explica a finalidade e as características das leis xurídicas dentro do Estado e a súa xustificación ética, como fundamento da súa lexitimidade e da súa obediencia. | CCL |
| | | | B5.1.2. Debate acerca da solución de problemas nos que hai un conflito entre os valores e principios éticos do | CCL<br>CSIEE |
| | **Valores éticos. 4º de ESO** | | | |
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | C. clave |
| | | | individuo e os da orde civil, formulando solucións razoadas, en casos como os de desobediencia civil e obxección de conciencia. | |
| a<br>b<br>c<br>d | B5.3. Teoría da xustiza de Rawls: posición orixinal e veo de ignorancia; criterio de imparcialidade; función dos dous principios de xustiza. | B5.2. Disertar acerca da teoría de Rawls baseada na xustiza como equidade e como fundamento ético do dereito, e emitir un xuízo crítico acerca dela. | B5.2.1. Procura información en internet co fin de definir os principais conceptos utilizados na teoría de Rawls e establece unha relación entre eles (posición orixinal e veo de ignorancia, criterio de imparcialidade e función dos dous principios de xustiza que propón). | CAA<br>CD |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| e<br>g<br>h | | | B5.2.2. Realiza un xuízo crítico acerca da teoría de Rawls e explica a súa conclusión argumentada acerca dela. | CCL |
| a<br>b<br>c<br>d<br>e<br>g<br>h | B5.4. Os DDHH como ideais irrenunciables.<br>B5.5. Deficiencias na aplicación dos DDHH referidos ao económico e ao social.<br>B5.6. Organizacións que traballan pola defensa dos DDHH. | B5.3. Valorar a DUDH como conxunto de ideais irrenunciables, tendo presentes os problemas e as deficiencias na súa aplicación, especialmente no relativo ao ámbito económico e social, indicando a importancia das institucións e os/as voluntarios/as que traballan pola defensa dos dereitos humanos. | B5.3.1. Xustifica racionalmente a importancia dos dereitos humanos como ideais para alcanzar polas sociedades e os Estados, e recoñece os retos que aínda teñen que superar. | CSC |
| | | | B5.3.2. Sinala algunha das deficiencias no exercicio dos dereitos económicos e sociais (pobreza, e falta de acceso á educación, á saúde, ao emprego, á vivenda, etc.). | CSC |
| | | | B5.3.3. Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte informático e audiovisual, acerca dalgunhas institucións e voluntarios/as que, en todo o mundo, traballan pola defensa e respecto dos dereitos humanos: Organización das Nacións Unidas (ONU) e os seus organismos, como FAO, Organismo Internacional de Enerxía Atómica (OIEA), Organización Mundial da Saúde (OMS), Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), etc., organizacións non gobernamentais como Greenpeace, UNICEF, Cruz Vermella, Media Lúa Vermella, etc., así como o Tribunal Internacional de Xustiza, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, etc. | CCEC<br>CD<br>CSC |
| a<br>b<br>d<br>e | B5.7. Dereito á seguridade e a paz.<br>B5.8. Compromiso coa paz e a solidariedade coas vítimas da violencia.<br>B5.9. Ameazas á paz. | B5.4. Entender a seguridade e a paz como un dereito recoñecido na DUDH (no seu artigo 3) e como un compromiso dos españois e das españolas a nivel nacional e internacional (preámbulo da Constitución española), identificando e avaliando o perigo das novas ameazas que | B5.4.1. Diserta, en pequenos grupos, acerca da seguridade e a paz como un dereito fundamental das persoas, e aprecia a súa importancia para o exercicio do dereito á vida e á liberdade, elaborando e expresando as súas conclusións (artigo 3 da DUDH). | CCL |
| g<br>h | | xurdiron nos últimos tempos. | B5.4.2. Toma conciencia do compromiso dos españois e das españolas coa paz, como unha aspiración colectiva e internacional recoñecida na Constitución española, e rexeita a violación dos dereitos humanos, amosando solidariedade coas vítimas da violencia. | CSC |
| | | | B5.4.3. Emprende a elaboración dunha presentación, con soporte audiovisual, sobre algunhas das novas ameazas para a paz e a seguridade no mundo actual (terrorismo, desastres ambientais, catástrofes naturais, mafias internacionais, pandemias, ataques cibernéticos, tráfico de armas de destrución masiva, de persoas e de órganos, etc.). | CD<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a<br>d<br>h | B5.10. As Forzas Armadas na Constitución española.<br>B5.11. Misións das Forzas Armadas.<br>B5.12. Conflitos armados: importancia das organizacións internacionais na súa prevención e na súa solución. | B5.5. Coñecer a misión atribuída na Constitución española ás Forzas Armadas e a súa relación cos compromisos que España ten cos organismos internacionais a favor da seguridade e a paz, reflexionando acerca da importancia do dereito internacional para regular e limitar o uso e as aplicación da forza e do poder. | B5.5.1. Coñece, analiza e asume como cidadán ou cidadá os compromisos internacionais realizados por España en defensa da paz e a protección dos dereitos humanos, como membro de organismos internacionais (ONU, OTAN, UE, etc.). | CSC |
| | | | B5.5.2. Explica a importancia da misión das forzas armadas (artigo 15 da lei de defensa nacional) en materia de defensa e seguridade nacional, de dereitos humanos e de promoción da paz, e a súa contribución en situacións de emerxencia e axuda humanitaria, tanto nacionais como internacionais. | CSC |
| | | | B5.5.3. Analiza as consecuencias dos conflitos armados a nivel internacional, apreciando a importancia das organizacións internacionais que promoven e vixían o cumprimento dun dereito internacional fundamentado na DUDH. | CSC |
| | **Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía.** | | | |
| a<br>b<br>e<br>f<br>h<br>m | B6.1. Validez ética dos proxectos científicos e tecnolóxicos. | B6.1. Identificar criterios que permitan avaliar, de xeito crítico e reflexivo, os proxectos científicos e tecnolóxicos, co fin de valorar a súa idoneidade en relación co respecto aos dereitos e valores éticos da humanidade. | B6.1.1. Utiliza información de forma selectiva para atopar algúns criterios que cumpra ter en conta para estimar a viabilidade de proxectos científicos e tecnolóxicos, considerando a idoneidade ética dos obxectivos que pretenden e a avaliación dos riscos e as consecuencias persoais, sociais e ambientais que a súa aplicación poida ter. | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CSIEE |
| a<br>d<br>f<br>g<br>h | B6.2. Códigos deontolóxicos dos axentes sociais. | B6.2. Estimar a necesidade de facer cumprir unha ética deontolóxica a científicos/as, tecnólogos/as e outros/as profesionais. | B6.2.1. Comprende e explica a necesidade de apoiar a creación e o uso de métodos de control, e a aplicación dunha ética deontolóxica para científicos/as e tecnólogos/as e, en xeral, para todas as profesións, fomentando a aplicación dos valores éticos no mundo laboral, financeiro e empresarial. | CMCCT<br>CSC<br>CSIEE |
| | | | | |

**2.- MÍNIMOS ESIXIBLES.** Os contidos mínimos propostos coinciden cos contidos do decreto de currículo reflectidos máis enriba.

| | |
|---|---|
| **Bloque 1.** A dignidade da persoa<br><br>B1.1 A dignidade do ser humano como valor básico.<br>B1.3 Léxico do bloque: dignidade, liberdade, discriminación... | **Bloque 4**. A xustiza e a política<br><br>B4.1 Democracia e xustiza<br>B4.2 Deberes cívicos<br>B4.3 Perigos dunha globalización sen valores éticos |
| **Bloque 2**. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais.<br><br>B2.1 Dereitos e liberdades dos individuos que o estado debe respectar<br>B2.2 A socialización na era global<br>B2.3 Riscos da globalización total<br>B2.2 Mass media | **Bloque 5**. Os valores éticos, o Dereito e a DUDH<br><br>B5.1 Dereito, moral e xustiza<br>B5.3 A teoría da xustiza de Rawls<br>B5.4 Os DDHH como ideais irrenunciables<br>B5.7 Dereito á seguridade e á paz<br>B5.9 Ameazas á Paz |
| **Bloque 3**. A reflexión ética<br><br>B3.1 Importancia e valor da reflexión ética<br>B3.4 Éticas formais e éticas materiais<br>B3.5 Ética kantiana<br>B3.6 Ética do discurso de Apel e Habermas | **Bloque 6**. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía<br><br>B6.1 Validez ética dos proxectos científicos e tecnolóxicos<br>B6.2 Os códigos deontolóxicos<br>B6.3 A reflexión ética<br>B6.4 A xustiza e a política<br>B6.5 Os valores éticos, o Dereito e a DUDH<br>B6.6 Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía |

Enténdese que os contidos, obxectivos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave expostos convintemente no apartado 2, teñen que ser alcanzados a partires do sucesivo despliegue das anteditas unidades didácticas nos seus capìtulos correspondentes tal e como están citadas neste apartado.

## 3. MATERIAL DIDÁCTICO

**UNIDADES didácticas deseñadas polo noso departamento para o efecto.**

Tamén se empregarán **outros materiais** didácticos variados como internet, fragmentos de películas ou documentais, anuncios publicitarios, prensa, textos da biblioteca do centro, textos extraídos de varios autores relacionados coa materia, etc.

**4. SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS.** A temporalización será a proporcional ao tempo dúas unidades Didácticas consecutivas, por cada avaliación:

**1ª avaliación:** UNIDADES 1e 2

**2ª avaliación:** UNIDADES 3 e 4
**3ª avaliación:** UNIDADES 5 e 6

## 5. INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

Como xa sabemos as competencias deben ser o elemento central á hora de avaliar a o noso alumnado: como di a lei na Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. respecto aos criterios de avaliación no seu artigo 5:

"Os **criterios de avaliación** deben servir de referencia para valorar o que o alumnado sabe e sabe facer en cada área ou materia. Estes criterios de avaliación desagréganse en estándares de aprendizaxe avaliables. Para valorar o desenvolvemento competencial do alumnado, serán estes estándares de aprendizaxe avaliables, como elementos de maior concreción, observables e medibles, os que, ao se pór en relación coas competencias clave, permitirán graduar o rendemento ou desempeño alcanzado en cada unha delas."

Polo tanto a metodoloxía empregada debe garantir esa esixencia. Así pois as estratexias medolóxicas da aula son: o traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais; o traballo colaborativo en grupo pequeño (3 ou 4 alumnos); a posta en común no gran grupo; e a exposición do profesor

- Ferramentas de avaliación:

-80% Proba de avaliación dos compoñentes do currículo da materia mediante:

Alomenos un traballo escrito por avaliación e complementarase coa realización de actividades propostas polo profesorado. traballo e caderno de clase, visionado dun documento e contestación a un cuestionario.

- Os traballos e o caderno de clase, e o visionado dun documento e contestación a un cuestionario versrán sobre as UNIDADEs correspondentes a cada avaliación.

A primeira avaliación examinará das UNIDADEs 1 e 2
A segunda avaliación examinará das UNIDADEs 3 e 4
A terceira avaliación examinará das UNIDADEs 5 e 6

E o 20 % restante consisitirá na observación sistemática do alumno valorando principalmente a realización de actividades e de traballos propostos polo profesor mediante rúbricas, rexistros ou escalas de observación tanto a nivel individual como grupal. Aquí distínguese:

a) Actividades de clase: trátase de exercicios que xeralmente pertencen ao propio libro de texto que servirán de apoio á consecución dos obxectivos e competencias relacionadas co ámbito da linguaxe escrita, así como os estándares de aprendizaxe que confeccionarán en clase e entregaranos ao profesor na mesma sesión. Tamén encaixan aquí exercicios ou actividades que poida mandar o profesor para ser confeccionados coas TIC na aula. Como máximo sumará un 10% da cualificación final de cada avaliación.

b) Intervencións e exposicións de clase: a cualificación máxima por avaliación será de 1 punto. Trátase de avaliar a consecución de competencias relacionadas co ámbito oral da linguaxe entre outras.

- **Promocionarán** os que obteñan como mínimo 5 puntos na cualificación final.

Se a media final de todas as avaliacións non resulta un 5 ou superior, haberá unha **Recuperación final** de toda a materia, para o que o alumnado suspenso terá que someterse a unha proba tipo test tamén que constará de 50 preguntas con 3 ou 4 opcións cada unha e soamente unha resposta correcta, a razón de 0,2 puntos cada pregunta ben respondida. O alumnado que suspende en xuño está obrigado a volver presentarse en setembro para superar a materia.

-Tamén farase un Rexistro para a **autoevaluación do profesorado** que resposte á atención á diversidade, e á aprendizaxe de cada UNIDADE, as actividades realizadas, os interese do alumnado e os cambios cara ao próximo curso e por qué.

# 2. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

## 2.1.- COLABORACIÓN COAS ACIS

Este departamento colabora na realización das ACIS do alumnado fundamentalmente de 1º e 2º ESO, adaptando a dificultade dos contidos ao alumnado e personalizando as probas escritas

## 2.2 RECUPERACION DO ALUMNADO COA MATERIAS PENDENTES.

Aqueles alumnos-as que teñan a materias pendentes deberán seguir a temporalización que se establece no plan de pendentes do centro e que se concreta cada ano.

# 3.PROPOSTA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

## 3.1. ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO

**Como ven sendo habitual é intención deste departamento realizar ó longo do curso escolar algunha actividade dirixida ós alumnos e que á súa vez estea relaciona co currículo das materias que imparte. Este ano as actividades van dirixidas a:**

Celebración do Día internacional de educación pola paz: 30 de xaneiro.
Conferencia-coloquio sobre a sociabilidade do ser humano,Ponente; Marcos Rodríguez Pantoja: febreiro-marzo
**Visita á Exposición “Serie amarilla” de Quessada sobre o incumprimento dos DDHH no mundo e realización da guía didáctica da exposición.**

## 3.2. CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR

É de suma relevancia que o alumnado acade competencias lingüísticas, dominio da linguaxe oral e escrita, para poder expresar con obxectividade e éxito os seus coñecementos e habilidades. Para iso no abonda só con coñecer a t*erminoloxía* e *fraseoloxí*a propias dunha materia específica. É urxente e necesario que se asomen activamente ao mundo da lectura para superar as carencias que xenéricamente mostran tanto nas súas actividades académicas, como tamén na súas vidas diarias. O departamento contribúe ao **plan lector** recomendando lecturas voluntarias para os distintos niveis do ensino que imparte e fai tamén unha selección de lecturas para o verán. Todas elas están incluídas no depósito bibliográfico da nosa biblioteca e pódense sacar baixo o sistema de préstamo gratuíto. Tamén participamos no clube de Lectura coa obra “El señor de las moscas”

Presentamos unha pequena mostra da nosa selección:

N. Humphrey; La mirada interior. Ed. Alianza, 2006, 172 páx.
Miguel Angel Martínez Quintanar; Ser cidadán. Ed. Galinova, 2011, 154 páx.
Thomas Cathcart e Daniel Klein; Platón y un ornitorrinco entran en un bar. Ed. Planete, 2009, 217 pax.
Alfredo Marcos; Aristóteles. O mestre dos que saben. Ed. SOGAFI, 2007, 85 pax.

Rafael Jerez Mir; Marx y Engels. El marxismo genuino. Ed Cincel, 1989, 200 pax.
Roberto Casati e Achille Varzi; 39 (simples) cuentos filosóficos. Ed. Alianza, 2007, 229 pax.

## 3.3. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.

Entendemos a convivencia como medio para a consecución dos obxectivos educativos e como un fin en si mesma para crear cidadáns e cidadás capaces de vivir nun mundo actual, diverso e cambiante.

Ao abeiro do Plan de Convivencia, fomentaremos valores como:

O respecto e **tolerancia** entre os membros da comunidade educativa, e da sociedade, **rexeitando discriminacións**.
O fomento de modos de pensar plurais, tolerantes, críticos, indagatorios, que favorezan un talante vital que propicie a elaboración de xuízos independentes e a reacción construtiva ante as distintas situacións.
A c**onvivencia** democrática e non violenta, que fomente a cultura da paz, mediante busca de resolución de conflitos de forma pacífica.
A aceptación da **diversidade cultural e lingüística**, como patrimonio enriquecedor dos individuos e dos pobos, que debe ser conservado e mellorado.
O interese polo coñecemento e a implicación persoal dos **problemas do contorno** e pola busca de posibles solucións.
O uso responsable das TIC.

Desde **Valores Éticos** dunha forma moi notable, pero tamén desde os temas de ética e política de materias como a **Filosofía** este Departamento colabora dun xeito notorio ao Plan de Convivencia, non só aceptando os seus postulados prácticos e cotiáns, senón provendo ao alumnado con una indagación e una analítica filosófica deses valores. Pola súa banda, a **Historia da Filosofía** propicia o fomento de modos de pensar plurais, tolerantes, críticos e indagatorios.

Pola propia temática que lévase a cabo no noso departamento é fácil integrar os obxectivos e actividades desenvolvidos polo Plan de convivencia do Centro. O ensino democrático, participativo e asertivo forma parte da nosa labor, así como a resolución pacífica dos conflitos, esta é unha das razóns polas que todos os anos levamos a cabo a celebración do **Día Mundial da Paz** no eido educativo o 31 de Xaneiro por parte dos nosos alumnos. Esta colaboración co Plan de convivencia se verá completada cos **Obradoiros de convivencia democrática** que se impartirán nos niveis de 1º, 2º, 3º, e 4º de Eso.

# 4. PLAN ANUAL DE TRABALLO DO DEPARTAMENTO e PROPOSTAS DE MELLORA

O Departamento de Filosofía fará un seguimento do programado materia por materia, facendo especial fincapé nos contidos impartidos.
Deseño da proba de avaliación inicial.
Celebrarase o Día mundial da Paz.
Realización en colaboración coa CCP do plan de recuperac ión de materias pendentes.
Se fose necesaria modificarase a Programación.
Intentaremos levar a cabo as actividades complementarias (saídas) programadas.
Farase un exame común para as probas extraordinarias de setembro en todos os niveis.
Introducir rúbricas que podan ser útiles para a avaliación dos diferentes elementos que integran o proceso de ensino-aprendizaxe competencial.

# 5. AVALIACION DA PROGRAMACIÓN

Analizarase periodicamente a adecuación da programación á realidade das nosas aulas, modificando cando sexa necesario o aquí programado en beneficio dos noso alumnado.
Algunhas cuestións útiles a ter en conta cara a avaliación da programación :

- No desenvolvemento da programación, tivéronse en conta as características dos alumnos e os principios da aprendizaxe significativo?.
- Foi acertada a temporalización das unidades didácticas?
- Utilizáronse estratexias metodolóxicas adaptadas ós contidos e as necesidades dos alumnos?

- Foron adecuados os recursos didácticos propostos?
- Conseguíronse os obxectivos didácticos previstos con tódolos alumnos?
- Espertou o interese do alumnado os contidos tratados nas distintas unidades?
- Foron motivadoras as actividades deseñadas?
- Resultaron eficaces as  estratexias metodolóxicas utilizadas?
- Foron adecuados os instrumentos de avaliación?
- Foron axeitadas as medidas de atención á diversidade.

# 6. AVALIACIÓN INICIAL

Nos niveis de ensinanza da E.S.O. e en tódalas materias impartidas por este departamento (Valores Éticos de 1º, 2º, 3º e 4º E.S.O. ) programarse pola dirección do centro a celebración dunhas probas de AVALIACIÓN INICIAL  no mes de outubro.
O departamento de Filosofía en atención a esta tarefa programará e deseñará o contido, desenvolvemento, avaliación e interpretación destas probas en vistas a extraer delas os coñecementos oportunos para avaliar o estado real do alumnado en relación ás súas competencias previas e as medidas oportunas a desenvolver ao longo do curso escolar presente para o millor rendemento das súas facultades e a potenciación delas.
As probas a desenvolver nas datas fixadas pola dirección (ou cercanas a elas) serán diseñadas polo propio departamento para cada materia e nivel da ensinanza secundaria obrigatoria na que deben ser implementadas, tendo en conta os deseños curriculares de cada materia en cada nivel da E.S.O. Consistirán en probas tipo test ou semellantes relativas a contidos e coñecementos previos supostamente acadados polos alumnos e alumnas para ter promocionado no nivel correspondente, ou en calquera outro tipo de proba decidida polo departamento de Filosofía.

Para 1º Bac Unha vez comezado o curso se realizarán probas escritas e orais encamiñadas realizar unha avaliación inicial e que permita un mellor coñecemento da diversidade do grupo. Unha vez realizada, poderase establecer medidas de reforzo para algúns alumnos/as e programar actividades mais adaptados ao grupo.

Estas probas serán:

- Lectura dun texto na clase tomado de diferentes fontes (filosófico, periodístico)
- Análise do mesmo. Comentario escrito.
- Comentario e debate na clase coa máxima participación. Exposición de ideas individualmente. O obxectivo é comprobar o grao de participación, a competencia de comunicación lingüística e o sentido emprendedor do alumno/a

Hai que ter en conta que o alumnado de 1º bacharelato atópase ante unha materia nova, que descoñece (aínda que poida haber unha pequena proporción de alumnado que cursou filosofía en 4º de ESO procedente doutros centros).

Para 2º Bac realizarase unha avaliación inicial para coñecer as destrezas ou habilidades lingüísticas tanto escritas como orais. Tamén para lembrar e relacionar as estratexias de análise formal da Lóxica estudadas o curso pasado na materia de Filosofía que agora serán de gran utilidade para reforzar o razoamento nos discursos .Isto permitirá que o traballo cooperativo sexa eficaz, escollendo os grupos de xeito homoxéneo e para un mellor rendemento do traballo en equipo; e, por outra banda, permitirá detectar os déficits para mellorar as competencias lingüísticas e comunicativas do alumnado. Para este cometido realizaranse exercicios de análise de textos escritos e algún debate introdutorio, aproveitando que están frescos os datos das eleccións autonómicos, ocasión para ofrecer unha análise dos resultados e interpretación dos mesmos, para determinar cales son as necesidades a ter en conta na execución desta programación.

Como resultado da avaliación inicial determinaranse tamén as medidas de atención á diversidade en coordinación co departamento de orientación do centro e, de ser o caso, modificarse a presente programación adaptando os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe que se estimen oportunos.

# 7. RÚBRICAS DE AVALIACIÓN

Algunhas rúbricas das utilizadas para a avalición de tarefas propostas polo Departamento

**Avaliaremos as probas en base aos seguintes criterios establecidos nestas rúbricas que establecen os indicadores de logro:**

**Actividades individuais:**

| | |
|---|---|
| Non puntúa | Non entrega a actividade |
| Regular | Entrega dentro dos prazos.<br>Resolve coas condicións plantexadas, aínda que non chega a desenvolver o traballo ao completo |
| Ben | O traballo está completamente resolto e se aportan ideas que amplían o relacionan con outros temas. Usa distintas fontes, manexa as TIC se son requiridas |
| Moi ben | Ademais do anterior hai ideas propias, creativas e críticas proporcionadas polo alumno/a |

**Actividades colaborativas de grupo:**

| | |
|---|---|
| Non puntúa | Non participa |
| Regular | Desenvolve o traballo segundo as condicións plantexadas. É capaz de organizar o traballo e respecta o traballo dos compañeiros |
| Ben | O traballo está completamente resolto e se aportan ideas que amplían o relacionan con outros temas. Usa distintas fontes, manexa as TIC se son requiridas. A exposición de resultados manifesta capacidade para a innovación e ideas propias. |
| Moi ben | Ademais do anterior hai ideas propias, creativas e críticas proporcionadas polo alumno/a, capacidade de liderazgo e organización. |

**Probas escritas individuais:**

| | |
|---|---|
| Insuficiente (0- 3) | Non contesta<br>Non logra a puntuación establecida.<br>As respostas son desorganizadas, con erros sintácticos ou ortográficos, non responden ao plantexamento, non mostran comprensión dos conceptos ou textos propostos. |
| Suficiente (4-5) (básico) | Contesta adecuadamente a un mínimo do 50% das preguntas de xeito claro e organizado |
| Notable (6-7) (Medio) | Contesta ao 80% das preguntas de modo satisfactorio organizada e coherentemente. |
| Sobresaliente (8) | Contesta a todas as preguntas de xeito satisfactorio, organizado e coherente. Non comete erros ortográficos nin sintácticos. Mostra madurez engadindo ideas que resulten pertinentes: relación con outras temáticas, conceptos, etc. Uso correcto e rigoroso dos termos, argumentación correcta, recoñecemento claro do que se pregunta |

**Participación nas comunicacións orais e debates**:

| A | B | C | D |
|---|---|---|---|
| Non participa na actividade oral | Participa só nalgunha das actividades orais | Participa na maioría das actividades | Participa sempre nas actividades orais |
| Non expresa oralmente as ideas con claridade | Expresa oralmente as ideas con algunhas dificultades | Expresa oralmente as ideas sen dificultades | Expresa oralmente as ideas con claridade |
| Non amosa atención como oínte. | Amosa atención como oínte esporadicamente | Amosa atención como oínte na maioría | Sempre amosa atención como oínte |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Non valora as opinións dos demais | Valora as opinións doutros se son coincidentes á súa | Valora as diferentes opinións, pero sen autocrítica | Valora as diferentes opinións facendo autocrítica |
| Non respecta os ppios. éticos fundamentais | Algunha vez manifesta valoracións pouco éticas | Non fai valoracións pouco éticas | Valora sempre os ppios. éticos nas súas intervencións |
| Non expresa oralmente as ideas con claridade | Expresa oralmente as ideas con algunhas dificultades | Expresa oralmente as ideas sen dificultades | Expresa oralmente as ideas con claridade |
| Non amosa actitude cooperativa | Amosa unha actitude cooperativa segundo intereses persoais | Amosa unha actitude cooperativa e non baseada no interese persoal | Amosa unha actitude cooperativa neutral, integradora- construtiva |
| 0 ptos. | 1 -2 ptos | 3 ptos | 4 ptos |

**Elaboración de discursos argumentativos escritos:**

| A | B | C | D |
|---|---|---|---|
| Non realiza actividade | Elabora un discurso breve, sen argumentar. | Elabora un discurso breve con argumentos correctos | Elabora un discurso extenso e ben argumentado. |
| Non expón con claridade as ideas | Expón algunhas ideas con claridade | Expón as ideas de xeito claro | Expón as ideas de xeito claro e con estilo persoal |
| Presenta moitos erros gramaticais graves | Presenta algúns erros gramaticais leves | Non presenta erros gramaticais | Corrección gramatical e riqueza léxica |
| 0 ptos | 1-2 pto | Indicador mínimo de logro ( 3 ptos) | 4 ptos |

**Análise e comentario de textos de textos ESO E 1º BAC:**

| A | B | C |
|---|---|---|
| Non realiza a actividade ou non identifica as ideas nin a estrutura formal | Identifica as ideas e a tese principal | Identifica a tese e as ideas secundarias; analiza a estrutura formal |

| | | |
|---|---|---|
| | Pero ten dificultades para a análise formal | |
| Non aporta explicación das ideas | Aporta algunha explicación breve sobre as ideas do texto | Aporta explicacións claras sobre as ideas do texto |
| Non elabora conclusións propias | Elabora conclusión breve | Elabora unha conclusión e valoración persoal razoada. |
| 0 ptos | Indicador mínimo de logro (1pto) | 2 ptos. |

**Comentario texto 2º BAC**

| Nivel | |
|---|---|
| Básico | Comprende a idea que se presenta no texto , explica correctamente esa idea e utiliza para a súa explicación a terminoloxía básica do texto. Contextualización mínima. |
| Medio | Comprende a idea principal e outras que aparecen, relaciona as ideas que aparecen coas ideas do autor, contextualiza correctamente, manexa ben a terminoloxía propia do autor e o presenta de xeito claro. |
| Avanzado | Realiza todo o anterior con absoluta corrección sintáctica e ortográfica. Establece relacións con outras ideas. É ordenado na forma de escribir e desenvolver as ideas. |
| Sobresaliente | Aporta unha visión crítica persoal recollendo ideas propias, valora as ideas de xeito correcto. É capaz de aportar unha visión crítica e madura. |

No caso de que un alumno/a empregue para a realización das probas calquera acción fraudulenta e non autorizada (uso de dispositivos móbiles, de anotacións non autorizadas, apuntes propios, etc), logo da comprobación por parte do profesorado e comunicado ao alumno/a será cualificado de 0 na proba e deberá recuperar a avaliación correspondente. De igual xeito será comunicado á familia ou titores no caso de ser menor de idade

**María Miguélez Vila**

**Xefa de Departamento.**

**IES MARCO DO CAMBALLÓN, a 04 de Outubro de 2019**